Sobre a información que prevé facer pública a Xunta de Galicia en relación coa ampliación do porto deportivo de Baiona e a prorroga da súa concesión á empresa Nauplia Capital

- 31361 - 26121 (12/PRE-010700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o grao de cumprimento dos prestadores do servizo de transporte público por estrada no que atinxe ás súas obrigas relativas á accesibilidade das persoas con mobilidade reducida

- 31359 - 26166 (12/PRE-010706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as necesidades de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 31357 - 26191 (12/PRE-010711)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 más

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona

- 31356 - 26194 (12/PRE-010712)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación e as necesidades dos servizos de transporte público por estrada que se desenvolven no concello de Arzúa e as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa súa mellora

- 31546 - 26255 (12/PRE-010724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 más

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da publicación na páxina web do Igape do proxecto subvencionado ao Real Club Celta de Vigo en 2023 e os criterios exixidos para a súa concesión, así como a relación dos integrantes do órgano avaliador e o sistema de avaliación

- 31544 - 26258 (12/PRE-010725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 más

Sobre a eficiencia da Oficina Económica de Galicia dada a súa actividade e a evolución do tecido empresarial galego, a posible redundancia de funcións coa Oficina de Coordinación Económica e as demais medidas do Goberno galego para reverter a evolución do índice de producción industrial

- 31354 - 26283 (12/PRE-010729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 más

Sobre os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercuśóns para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións

- 31864 - 26360 (12/PRE-010741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a política prevista polo Goberno galego para dotar de semente de moluscos as rías con problemas de producción e as súas intencións respecto da recuperación e xestión do minicriadeiro de Camariñas

- 31351 - 26369 (12/PRE-010743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos e a inclusión de criterios de reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable dos aeroxeradores substituídos

- 31542 - 26372 (12/PRE-010745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 más

Sobre a valoración e as actuacións da Xunta de Galicia ante os pasos que está a dar o Goberno central respecto da implantación de instalacións de enerxía eólica no mar

- 31540 - 26551 (12/PRE-010766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo do 8 de maio de 2025 relativa ao dereito á participación política e o nivel de resposta da Xunta de Galicia ás demandas de información do Parlamento de Galicia realizadas pola vía do artigo 9 do Regulamento

- 31348 - 26716 (12/PRE-010783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 más

Sobre a situación do transporte ferroviario na comarca de Ferrol e as demandas que prevé realizar a Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar a súa modernización

- 31346 - 26730 (12/PRE-010787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 más

Sobre o estado en que está a liña de alta tensión que une as subestacións de Sarria e Monforte de Lemos e as medidas que tomou ou prevé tomar a Xunta de Galicia para evitar incidencias por defectos de mantemento

- 31343 - 26754 (12/PRE-010788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 más

Sobre as accións que prevé poñer en marcha o Goberno galego para a inserción no mercado laboral das mulleres galegas retornadas e a súa postura ante a posibilidade de crear unha axuda específica para as maiores de 50 anos

- 31341 - 26784 (12/PRE-010791)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o obxectivo da recepción do Goberno galego e da Presidencia do Parlamento de Galicia ao representante da embaixada de Israel coincidindo coa situación actual en Palestina

- 31538 - 26874 (12/PRE-010800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 más

Sobre as carencias na accesibilidade ao Hospital Piñor, no concello de Barbadás, por medio do transporte público e as previsións que ten o Goberno galego canto ao seu reforzamento

- 31339 - 26921 (12/PRE-010807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da situación actual na franxa de Gaza

- 31863 - 26943 (12/PRE-010810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 más

Sobre as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego no que atinxe á dragaxe do río Lérez

- 32017 - 27109 (12/PRE-010820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os datos da execución do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas con código de procedemento VI435B nos anos 2024 e 2025

- 31757 - 27168 (12/PRE-010829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as necesidades de transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 31756 - 27189 (12/PRE-010834)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha das actuacións precisas para a execución das obras de mellora das instalacións dos xulgados de Lugo

- 31336 - 27194 (12/PRE-010835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Golpe Acuña, José Manuel e 2 más

Sobre a situación laboral da empresa Einsa Print, das Pontes, as subvencións que lle concedeu a Xunta de Galicia ao longo do tempo e as actuacións que esta prevé levar a cabo para asegurar o emprego

- 31807 - 27309 (12/PRE-010861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 más

Sobre as características do programa Fogar Vivo, destinado a promover a entrada de vivendas privadas no mercado do alugueiro

- 31333 - 27347 (12/PRE-010864)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 más

Sobre a situación da obra proxectada no paso inferior da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras

- 31332 - 27379 (12/PRE-010868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 más

Sobre a dilixencia da Xunta de Galicia na xestión das súas axudas ao emprego autónomo e as medidas que vai adoptar para cumplir a sentenza do TSXG sobre o Bono das persoas traballadoras autónomas de 2022

- 31329 - 27394 (12/PRE-010870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o estado en que está o desenvolvemento da Vía Ártabra e as previsións do Goberno galego respecto da materialización deste proxecto

- 31327 - 27467 (12/PRE-010877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 7 más

Sobre a situación salarial no sector do comercio de alimentación na provincia de Ourense e o actual conflito na negociación do seu convenio colectivo

- 31325 - 27493 (12/PRE-010879)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 más

Sobre as demandas trasladadas ao Goberno de España para mellorar a coordinación en materia de vivenda

- 31322 - 27544 (12/PRE-010885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 más

Sobre o conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mediar entre as partes implicadas e mais superar a precariedade deste sector



- 31536 - 27787 (12/PRE-010911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 más

Sobre o grao de disposición que amosa a Xunta de Galicia a assumir a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña

- 31252 - 28168 (12/PRE-010939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 más

Sobre a situación en Galicia do emprego no sector primario e as políticas que desenvolveu e prevé desenvolver o Goberno galego para fomentalo

- 31250 - 28174 (12/PRE-010940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a evolución do emprego no sector primario de Galicia entre 2008 e 2024, as políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia nesta materia e as medidas previstas cara adiante

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 7 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (UE) 2021/1119, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática [COM (2025) 524] {SWD (2025) 524}**

-12/UECS-000062 (28215)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (UE) 2021/1119, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática [COM (2025) 524] {SWD (2025) 524}.

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28215, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (UE) 2021/1119, polo que se establece o marco para lograr a neutralidade climática [COM (2025) 524] {SWD (2025) 524}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2025  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Resolución da Presidencia, do 15 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/2402 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2017, polo que se establece un marco xeral para a titulización e se crea un marco específico para a titulización simple, transparente e normalizada [COM (2025) 826] {SEC (2025) 825} {SWD (2025) 825} {SWD (2025) 826}**

-12/UECS-000067 (28632)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/2402 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2017, polo que se establece un marco xeral para a titulización e se crea un marco específico para a titulización simple, transparente e normalizada [COM (2025) 826] {SEC (2025) 825} {SWD (2025) 825} {SWD (2025) 826}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28632, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/2402 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2017, polo que se establece un marco xeral para a titulización e se crea un marco específico para a titulización simple, transparente e normalizada [COM (2025) 826] {SEC (2025) 825} {SWD (2025) 825} {SWD (2025) 826}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31561  
Data envío: 19/08/2025 16:22:24.832  
Data 19/08/2025 16:22

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre “**as carencias do transporte público entre os concellos de Moeche, San Sadurniño e a parroquia de Doso, no concello de Narón, cos centros de ensino comarcais, así como a atención que a Xunta de Galicia debe adicar a estas reivindicacións veciñais de acordo coas súas competencias**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente do papel do transporte público na realidade dos estudantes en etapas posobrigatorias, xa que este facilita o acceso á educación en termos de igualdade, reducindo custos e incentivando a sostibilidade ambiental.

O Plan de Transporte Público de Galicia busca dar resposta ás necesidades de mobilidade da cidadanía con independencia do seu lugar de residencia. No marco do plan, prevese a posibilidade de que as administracións autonómica e local acorden a implantación de novos servizos ou o incremento dos existentes, coa sinatura de convenios que materialicen a colaboración para establecer servizos de interese municipal, coñecidos como SIMU.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:22:24



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24561**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre “**a revisión que debe realizar a Xunta da decisión da suba do canon de SOGAMA, rexeitada pola maioría dos concellos afectados, e más a apertura dun diálogo institucional e social que permita aplicar os cambios necesarios nos sistemas de xestión de residuos**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“A actualización do canon de Sogama é responsabilidade do Goberno central, pola toma de decisiones unilaterais que supuxeron un sobrecusto no último ano e medio de 39€/Tm na xestión dos residuos, que asumió Sogama sen trasladala aos concellos; decisiones como o imposto estatal sobre vertido e valorización; a orde ministerial que elimina a retribución que recibía pola planta termoeléctrica de Cerceda; e o imposto estatal de producción de enerxía.

Tras actualizar o canon, este segue a ser o más barato de Galicia e dos más baixos de España, asumindo o Goberno galego o 60% da actualización da suba do canon que cobra Sogama aos 295 concellos adheridos.

A Xunta mantén, así mesmo, durante 2025 a achega de 12 €/Tm que habilitou xa en 2024 a través dun Fondo de cooperación local adicional para axudar aos 313 concellos coa factura do lixo.

A Xunta está ao carón dos concellos mentres que o Goberno central mantén un afán impositivo e recadador, como proba a obriga de implantar unha nova taxa para gravar os servizos de xestión de residuos que tende cara ao pago por xeración de lixo. Esta medida non se sustenta no cumprimento da directiva europea de residuos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:12:13





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31559  
Data envío: 19/08/2025 16:22:12.293  
Data 19/08/2025 16:22

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24562**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e don Paulo Ríos Santomé, sobre "as medidas para incentivar o uso do transporte público, especialmente na área metropolitana da Coruña, que o Goberno galego debe desenvolver con relación ás súas liñas, horarios, frecuencias e información, así como actuacións concretas en relación aos cambios das frecuencias entre os concellos de Oleiros e Sada, á implantación do transporte marítimo na ría do Burgo e á demanda que debe dirixir ao Goberno central para o traspaso de competencias en materia de transporte ferroviario de proximidade", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego estuda todas as peticións que se trasladan desde os concellos e se redundan nunha mellora do servizo e a súa aplicación é posible, faino. O Plan de Transporte Público de Galicia está sempre aberto a incorporar esas melloras.

A Xunta e os 17 concellos que conforman a Área de transporte metropolitano da Coruña acordaron en novembro de 2024 prorrogar o convenio durante catros anos máis.

A ATM da Coruña concentra unha ampla oferta de servizos, xa que 444 liñas conforman a rede de autobuses interurbanos que conectan aos concellos que a integran."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:22:11





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31424  
Data envío: 18/08/2025 19:12:06.776  
Data 18/08/2025 19:12

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24571**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre “**a valoración que a Xunta de Galicia fai do estado do espazo Rede Natura 2000 Enseada de San Simón, da súa adecuada conservación, do deterioro do seu hábitat e da perda da súa biodiversidade e produtividade, así como as medidas que considera necesarias para abordar a súa situación e o impulso dunha investigación rigorosa do seu estado**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“A Zona Especial de Conservación (ZEC) da Enseada de San Simón conta coa especial atención do Goberno galego para garantir unha adecuada conservación e protección deste espazo natural, ao presentar este unha notable biodiversidade.

A Enseada de San Simón contén 18 tipos de hábitats do anexo 1 da Directiva 92/43/CEE, dos cales 6 correspóndense con hábitats de medio mariño.

Desde o punto de vista da xestión da ZEC, o longo deste ano 2025 e do 2026 está prevista a elaboración e tramitación dos plans de xestión das ZEC da Rede Natura 2000 de Galicia, entre os cales se atopa o relativo á ZEC da Enseada de San Simón.

Estes plans conterán as medidas de xestión específicas con obxectivos concretos para a conservación dos valores que motivaron a designación da ZEC (hábitats de interese comunitario e as especies de interese específicas de cada espazo).

Por outra banda, todas as actividades con posible incidencia no regulado no Plan Director da Rede Natura 2000 en cada ZEC está regulado como actividades permitidas, autorizables ou prohibidas, de maneira que existe unha regulación expresa para tales cuestiós.

Así mesmo, todas as actuacións ou programas que poidan ter afeccións significativas sobre a Rede Natura 2000 son sometidas a un procedemento de avaliación ambiental, polo que a integridade dos valores naturais de acordo coa normativa reguladora da rede Natura 2000 están garantidas”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:12:06



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24668**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre “**o estado das infraestruturas e instalacións dos edificios do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a súa idoneidade e seguridade**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22618, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/  
LKxwcXShfSpRYozypHmE4McFukdw7rDZyB59tIHRezEvidvq](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/LKxwcXShfSpRYozypHmE4McFukdw7rDZyB59tIHRezEvidvq)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:52





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31558  
Data envío: 19/08/2025 16:22:06,346  
Data 19/08/2025 16:22

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24672**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, don Ramón Fernández Alfonzo e don Oscar Insua Lema, sobre "**a idoneidade das convocatorias de subvencións que promove o Igape e o grao de eficacia na súa xestión**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente dos retos asociados á xestión dun volume crecente de convocatorias, especialmente nun momento no que, por primeira vez, se puxo en marcha un paquete anticipado de axudas cunha mobilización superior aos 186 millóns de euros.

A concentración en xaneiro de 15 liñas de axuda, ás que se engadiron outras catro durante o primeiro trimestre, responde a unha nova estratexia de planificación que busca facilitar ás empresas unha visión conxunta, anticipada e accesible dos recursos dispoñibles. Esta transformación estrutural do modelo tradicional supuxo un esforzo técnico e organizativo sen precedentes, no que se identificaron tamén aspectos mellorables.

Neste sentido, é certo que se produciron incidencias técnicas no acceso á sede electrónica durante a primeira xornada de apertura das convocatorias. Estas incidencias foron recoñecidas publicamente, comunicadas a través das canles oficiais e motivaron a anulación do proceso e a súa reprogramación, para garantir a igualdade de acceso e a seguridade xurídica.

Cómpre salientar que esta decisión –lonxe de supoñer unha falla de transparencia– constitúe unha mostra de responsabilidade institucional e de protección dos dereitos das empresas solicitantes.

En paralelo, o Igape está a reforzar os mecanismos de trazabilidade e xustificación técnica das convocatorias -en liña coas exixencias da normativa europea-, co obxectivo de garantir o máximo rigor, especialmente no contexto de xestión de fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco desta aposta por mellorar a eficacia administrativa, a Xunta está a avanzar na interoperabilidade das plataformas, no reforzo da atención ás empresas e no desenvolvemento dun novo sistema de xestión integral das axudas que será implantado de maneira progresiva".

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:22:05



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24759**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre “**o número de vivendas de promoción pública que foron entregadas e as que foron licitadas, nas súas distintas fases, no marco do programa Rexurbe nos anos 2022 e 2023**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Nos anos 2022-23 licitáronse as obras de rehabilitación de 29 vivendas do programa Rexurbe. Tamén se licitou a redacción de proxecto de tres vivendas e foron entregadas aos seus adxudicatarios 8 vivendas rehabilitadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:32





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31555  
Data envío: 19/08/2025 16:21:45,550  
Data 19/08/2025 16:21

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24762**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Prado Cores e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da posibilidade de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está sempre aberta a estudar todas as propostas de mellora dos servizos de autobús interurbano en todas e cada una das concesións do Plan de transporte público de Galicia.

No ámbito da concesión da comarca do Barbanza, o Goberno galego tratou nos últimos anos de reestruturar os servizos para atender as demandas dos usuarios, que implican a necesidade de cambios profundos. Pero, ante a inviabilidade de acometer unha reestruturação cos medios dispoñibles, foi preciso o deseño dun novo contrato que sairá a concurso público.

A nova concesión introducirá os cambios que sexan precisos conforme á análise das necesidades detectadas e ás demandas e propostas das administracións locais e colectivos interesados na mellora do transporte público na comarca do Barbanza."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:45





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31418  
Data envío: 18/08/2025 19:11:24.822  
Data 18/08/2025 19:11

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24764**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da colaboración no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta vén colaborando co Concello da Illa de Arousa, executando numerosas obras de saneamento e depuración e, ademais, pese a ser unha competencia local, está a apoiar ao Concello na prestación dos seus servizos desde 2005.

Con respecto á depuradora, na Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, declarouse de interese xeral do Estado a "depuración e saneamento da Illa de Arousa". Por elo, a partires deste momento a execución dunha nova depuradora pasou a ser unha responsabilidade estatal.

En todo caso, para paliar o escaso interese do Estado para investir en Galicia, no 2020 a Xunta formulou un borrador de protocolo entre as dúas administracións para a execución de varias obras, entre as que se atopaba o saneamento e depuración na Illa.

Tratábase de que o Estado puxera a disposición de Galicia máis fondos do treito estatal de fondos europeos, que non estaban programados para outras actuacións, e que poderían perderse; que Augas de Galicia cofinanciara as actuacións do Estado cos seus fondos propios; e que os concellos achegaran o 20% do cofinanciamento, tal e como Augas de Galicia (e outras administracións) está propoñendo nos seus convenios, atendendo a que o saneamento e a depuración son competencia municipal. Ademais, o feito de que as obras foran executadas por Acuaes permitía aos concellos acollerse a un financiamento mediante tarifas a medio prazo. Sen embargo, este esquema non foi aceptado polo Estado.

A pesares do anterior, Augas de Galicia continuou traballando para mellorar o sistema de saneamento da Illa. En 2022 finalizou un proxecto que resulta imprescindible para que o saneamento do concello mellore, evitando alivios directos á Ría. En diversas reunións co Concello propúxoselles a colaboración para executar este proxecto, pero a colaboración foi rexeitada pola Administración local. Queda, polo tanto, acreditado que desde Augas de Galicia, e dentro das súas competencias, sempre houbo unha clara vontade de colaborar tanto co Concello como co Estado para a mellora do saneamento da Illa.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31418  
Data envío: 18/08/2025 19:11:24.822

É preciso destacar, ademais, que a Xunta adxudicou o pasado mes de xuño por preto de 3,5 millóns de euros, IVE incluído, o contrato para a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) de Tragove (Cambados), A Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia, infraestruturas de tratamento que xestiona Augas de Galicia desde hai varios anos.

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025, polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, en resposta á POC 16803.

Enlace ao vídeo da sesión da comisión celebrada o pasado 5 de febreiro:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=YTUwZTlwZTYtMjc5MC00M2UxLThjNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=124".](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTlwZTYtMjc5MC00M2UxLThjNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=124)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:24



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24780**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre "**o número de vivendas de promoción pública que foron adxudicadas entre o 13 de abril e o 22 de xullo nas diferentes fases da súa construcción**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"Entre o 13/04/2024 e o 22/07/2024 licitáronse as obras de construcción de 146 vivendas de promoción pública nos concellos da Coruña e Vigo e adxudicáronse os contratos de construcción de 152 vivendas de promoción pública nos concellos de Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo.

Nos mesmo período adxudicouse a redacción dos proxectos e dirección de obra para a construcción de 100 vivendas de promoción pública nos concellos de Ferrol e Lugo.

En total, no período indicado, entre abril e xullo de 2024, foron 398 as vivendas con obra licitada ou adxudicada ou con redacción de proxecto adxudicado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:10





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31413  
Data envío: 18/08/2025 19:06:16.856  
Data 18/08/2025 19:06:16.856

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24839**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre “o presunto caso de racismo sufrido o 11 de abril por un grupo de refuxiados malianos na súa viaxe de regreso desde a Fundación Laboral da Construcción de Vilamarín ao seu lugar de residencia”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Tras coñecer o acontecido ao que se fai referencia na iniciativa, o Goberno galego pediu as explicacións oportunas á empresa de transporte e coñecer as medidas que se ían tomar. A empresa confirmou que como medida inicial ía abrir expediente ao traballador para esclarecer os feitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:06:16



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, número 24871, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Rosana Pérez Fernández, sobre "**os custos para a Xunta de Galicia da retirada e do tratamiento da carga do buque "Toconao" vertida nas costas galegas e as accións e medidas que puxo en marcha logo deste suceso**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

" Galicia considerou moi positiva a proposta da UE para reducir a contaminación por microplásticos mediante a prevención das perdidas de pellets, que contribuirá a rebaixar nun 6% os vertidos non intencionados deste material ao medio ambiente. Expúxolle no mes de decembro pasado no Consello de Ministros de Medio Ambiente da UE -no que Galicia exerceu de voceira das CC.AA. españolas. De feito, defendeu que na nova normativa debe terse en conta os custos derivados da súa aplicación por parte das administracións. Polo tanto, é necesario que se dispoñan os correspondentes recursos financeiros e técnicos.

Nesa liña, cómpre lembrar que o accidente do buque Toconao exixiu á comunidade autónoma un amplo despregue de medios por terra, mar e aire por parte da Xunta e un gasto estimado de máis de 2,3 millóns de euros. E dado que o suceso causante dos danos ocasionados á riveira do mar polo verquido dos pellets foi un verquido desde mar a mar, a Administración competente tanto para actuar contra o dito verquido como para esixir a recuperación dos costes incorridos é a Administración xeral do Estado del Estado.

Neste senso, o Goberno galego recorrerá aos tribunais para impugnar a decisión do Estado de non iniciar un procedemento de esixencia de responsabilidade ambiental polo incidente provocado pola vertedura de pellets do Toconao.

A Xunta trasladou por carta o pasado venres 4 de xullo, á vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolólica, un requerimento previo á vía contencioso administrativa ante a negativa de iniciar este proceso.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Galicia vén solicitando a apertura deste procedemento desde o pasado 19 de xaneiro e a única resposta por parte do Ministerio tivo lugar en data 5 de maio. Coa resposta dada entón polo secretario de Estado de Medio Ambiente, a Xunta entende que se inadmite a solicitude de inicio do procedemento para a esixencia de responsabilidade ambiental.

A Xunta, ademais, está a buscar unha solución extraxudicial cos responsables do vertido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:56





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31553  
Data envío: 19/08/2025 16:21:32.914  
Data 19/08/2025 16:21

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24896**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e don Paulo Ríos Santomé, sobre "**o funcionamento do transporte público por estrada no concello de Gondomar no que atinxe á oferta de prazas, aos horarios e á información subministrada aos usuarios/as**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O traballo de seguimento continuo do Goberno galego fai posible a identificación dos desaxustes que se poden producir no desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia e adoptar, en consecuencia, as medidas que correspondan para evitar incidencias e asegurar un servizo de calidade, e o concello de Gondomar non é unha excepción neste proceder."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:32





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, número 24897, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Noa Presas Bergantiños, sobre “**as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto eólico Greco, situado entre as provincias de Pontevedra e Ourense, a súa compatibilidade coa preservación do medio natural e as medidas para a protección da serra do Suído**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En relación co parque eólico Greco, o 24/07/2024 Mowe presentou na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas unha solicitude de excepcionalidade do parque eólico Greco.

Nesa solicitude xustificábase a petición en base a unha venda da enerxía a través de varios contratos bilaterais (PPA) con Ferroglobe en Arteixo.

En calquera caso, debido á potencia instalada, superior aos 50 MW límites que marca o artigo 3.13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, a tramitación corresponde á Administración Xeral do Estado e, en concreto, ao Ministerio para a Transición Ecolólica e o Reto Demográfico.

Porén, segundo o artigo 6.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía. E esta previsión é de aplicación tanto aos parques eólicos de tramitación autonómica como estatal, polo que tamén lle aplica ao parque eólico Greco.

Neste sentido, este parque está fóra das áreas de desenvolvemento eólico. Por iso, este parque precisa da devandita declaración de excepcionalidade.

Para a súa tramitación, efectuouse un primeiro requerimento o 05/08/2024, para o que se obtivo unha primeira contestación o 28/08/2024, e unha segunda contestación o 14/11/2024.

Con data 04/04/2025 Mowe achega o anexo “Plan de medidas socio económicas para mellorar as condicións de vida das zonas de influencia dos proxectos Baro e Greco” ao plan de subministración de enerxía eléctrica a prezo estable para a fábrica de silicio metal en Sabón.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Con data 16/05/2025 requírese a Mowe a xustificación das iniciativas/medidas socio económicas indicadas no anexo achegado o 04/04/2025. Con data 05/06/2025 Mowe achega a dita xustificación.

Finalmente, o 04/08/2025 o Consello da Xunta aprobou declarar o parque do Greco proxecto cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, o que permitirá a súa execución fóra das áreas de desenvolvemento enerxético.

A súa construcción fará posible subministrar enerxía verde e competitiva á fábrica de Ferroglobe en Sabón, e xunto co de Baro, trátase da primeira excepcionalidade declarada pola Xunta de Galicia amparada nos compromisos adicionais do promotor para a xeración de beneficios sociais e económicos nas zonas onde se implantará o proxecto, tal e como determina a Lei de promoción de dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:25



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24900**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"a resposta do sistema de emerxencias de Galicia ante a situación provocada pola caída xeral do sistema eléctrico en España acontecida o pasado 28 de abril"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego amósase satisfeito do resultado da activación do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) só 30 minutos despois do apagamento e do deseño posterior dunha trintena de medidas para asegurar o mantemento dos servizos básicos se volvese repetirse unha situación deste tipo.

Esta batería de medidas permitirá dispoñer de protocolos específicos para este tipo de alertas nos ámbitos escolar e asistencial, mellorar a autonomía enerxética e potenciar a interconexión dos diferentes servizos de seguridade e emerxencia, ademais de reforzar o uso de comunicacións vía satélite. Nesta liña, entre outras cuestións, incídese na demanda ao Goberno central para a recuperación da presenza estable da Unidade Militar de Emerxencias en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:50





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24911**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre “**os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construcción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un compromiso firme coa mobilidade sustentable e activa e ten en marcha o novo Plan de Sendas que permitirá a execución de máis de 120 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas nas estradas autonómicas ata o vindeiro 2027, con case 70 millóns de euros previstos de investimento.

Unha das novas comarcas nas que se prevé actuar é a do Baixo Miño, onde se recollen actuacións prioritarias, como a mencionada da estrada PO-352, dende o punto de vista da necesidade, da funcionalidade e da viabilidade das actuacións.

A senda discorrería ao redor do monte Santa Tegra aproveitando a traza da PO-352 ao longo duns tres kilómetros, conectando A Guarda con Camposancos e a zona de praias, así como a zona deportiva da Sangriña, cun investimento previsto de máis dun millón de euros.

O proxecto de trazado foi entregado está a ser revisado de cara ao seu sometemento a información pública a efectos expropiatorios e de Lei de Estradas, co obxectivo de que a súa construcción se poida impulsar no 2026.

Con esta aposta, a Xunta de Galicia incorpora esta comarca na Estratexia Galega de Mobilidade, que resultou recoñecida nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024.

A través deste tipo de actuacións, financiadas con fondos FEDER 2021/2027, a Xunta continúa co traballo levado a cabo nos últimos anos coas sendas, grazas ás que se reduce tráfico e emisión, se promove o exercicio físico e se mellora a seguridade viaria, aportando valor recreativo e turístico ás comarcas”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31407**  
Data envío: 18/08/2025 19:05:37.571

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:37





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31406  
Data envío: 18/08/2025 19:05:31.178  
Data 18/08/2025 19:05

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 24916**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao remate da construcción da senda peonil entre os lugares de Vilaúde e O Reirado, nos concellos de Alfoz e O Valadouro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A mellora da seguridade viaria e, especialmente, para os usuarios más vulnerables da estrada como é o caso dos peóns, é unha pioridade para a Xunta de Galicia, como o demostran os case 300 quiómetros de novos itinerarios peonís e ciclistas seguros materializados nos últimos anos.

Neste sentido, e de acordo co principio de eficacia no gasto público, priorízanse as actuacións más viables e con maior demanda e necesidade, de acordo con criterios técnicos que se recollen nos distintos documentos do Plan de Sendas.

A programación da execución deste treito concreto de senda abordarase, polo tanto, de acordo con estes criterios anteriormente sinalados."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:30





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:16:49  
Nº Rexistro: 31764  
Data envío: 20/08/2025 12:16:49.202  
Data 20/08/2025 12:16:49

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, número 24983, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as valoracións que realiza o Goberno galego no que concirne á necesidade dun incremento da planta xudicial en Galicia, especialmente en materia de violencia sobre a muller, e do reforzamento dos cadros de persoal na xustiza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

"A creación de dúas seccións de violencia sobre a muller, un na Coruña e outro en Vigo, é unha boa noticia para a Xustiza en Galicia, pero o Goberno galego non comparte que sexa a costa da transformación dunha sección de instrución. E a este respecto xa ten indicado que a creación de novas unidades xudiciais non debe facerse a costa dos de instrución e que a preferencia é que se constitúa xulgados especializados de violencia en cada cidade.

En canto á creación de dúas novas seccións de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela e Ourense comarcalizados, a Administración autonómica xa manifestou a súa opinión de que sería mellor que o seu ámbito territorial fose o propio do seu partido xudicial.

O Goberno galego leva anos reclamando co TSXG a creación deste xulgado en Santiago e, de forma progresiva, no resto das cidades, salvo A Coruña e Vigo que xa o teñen".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:48





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"o sistema actual de medición da calidad da subministración de enerxía eléctrica e as demandas que prevé dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de que modifique o sistema de indicadores para compensar a discriminación das zonas rurais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"A calidad da subministración está recollida no título VI do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

A aplicación CEL, desenvolta polo antes coñecido como Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, permite consultar os índices de calidad de subministración zonal anuais, tanto a nivel nacional como desagregados por comunidades autónomas e por provincias, resultantes da información auditada que remiten anualmente as empresas distribuidoras.

Os últimos datos publicados, agora na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolólica e o Reto Demográfico, amosan un descenso nos valores TIEPI nas zonas rurais en Galicia e unha tendencia descendente nos valores NIEPI nestas mesmas zonas.

	TIEPI		NIEPI	
	RC	RD	RC	RD
<b>2019</b>	6,845	4,410	2,662	2,328
<b>2020</b>	1,575	3,605	1,305	1,482
<b>2021</b>	1,443	2,369	1,439	1,579

As empresas distribuidoras están a cumplir co disposto nos artigos 7,8 e 9 da Orde do 28 de outubro de 2002 pola que se establece o programa aplicable para a realización das operacións de mantemento e se establecen os prazos de emenda dos defectos tipo que se detecten nas operacións de inspección e mantemento das instalacións eléctricas de distribución, en relación co programa anual de mantemento.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31403  
Data envío: 18/08/2025 19:05:12,533

Tamén cómpre indicar que moitas incidencias nas zonas rurais están relacionadas con temporais declarados como "forza maior" e estas interrupcións da subministración non poden ser imputables ás distribuidoras.

Os microcortes de subministración prodúcense por diversas causas e moitos destes microcortes teñen unha duración dun segundo. A xestión da mellora subministración durante eses microcortes debe levarse a cabo polas empresas distribuidoras que deberán ter en conta este aspecto á hora de mellorar a calidade do servizo.

Pero é importante sinalar que a postura da Xunta de Galicia é que se deberían reducir as cantidades das táboas (TIEPI - tempo de interrupción equivalente da potencia instalada en media tensión ( $1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$ ) - e NIEPI - número de interrupcións equivalente da potencia instalada en media tensión ( $1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$ )), e que son os parámetros habituais que se utilizan para calcular a calidade da subministración.

Isto é así porque os valores límite xa son antigos, de feito, a maior parte das distribuidoras xa cumpren ben con estes límites.

Non obstante, este proceso debe ser gradual, xa que reducir estos límites podería supor un importante investimento que se repercutiría nas nosas facturas, de aí que, antes de tomar decisións, deba facerse unha valoración económica e que o incremento de investimentos non recaia na cidadanía de xeito directo e apreciable.

En calquera caso, a Xunta ten a disposición da cidadanía o procedemento IN635A para reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, de tal xeito que seguirá vixiendo o cumprimento estrito da normativa por parte das distribuidoras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:12



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25055**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a situación relacionada coa construcción do gasoduto Guitiriz-Zamora e as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto da conexión de Galicia á rede europea BarMar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"No actual momento de transición enerxética e descarbonización, o hidróxeno verde está a configurarse como un vector enerxético que, por unha banda, require e incentiva unha importante xeración de enerxía renovable e, por outra, permite a redución do emprego de combustibles fósiles naquelas industrias que fagan uso del.

Para un adecuado desenvolvemento tecnolóxico é fundamental a universalización dos seus posibles usos, e para iso resultará esencial unha rede europea de transporte que permita achegar a producción ao consumo.

Por outra banda, tendo en conta que é necesario aproveitar toda a capacidade de regasificación de España, a través das diferentes plantas de regasificación das que dispón, e facilitar a diversificación de entrada de gas desde diferentes puntos estratégicos, é preciso o impulso ao desenvolvemento de infraestruturas de conexión que permitan o mallado da rede, como a conexión de Galicia coa meseta a través do gasoduto A Coruña-Zamora, ou a terceira conexión de Galicia co Norte de Portugal, que permita a utilización destas infraestruturas como hidróxeno-ductos, tendo en conta o potencial renovable de Galicia e a posibilidade de converter a Galicia nun Hub de xeración de hidróxeno renovable.

Conscientes da importancia desta rede de transporte, e tendo en conta que desde xuño de 2022 incluíronse, por primeira vez, os proxectos de hidróxeno nas categorías elixibles como proxectos de interese común (PCI), desde a Xunta de Galicia defendeuse a inclusión do hidróxeno-ducto Guitiriz-Zamora nos PCI, co fin de evitar que Galicia sexa unha illa enerxética.

Neste contexto, en febreiro de 2023 Reganosa (empresa con participación da Xunta de Galicia) e Enagás asinaron un acordo polo cal, entre outras cuestións, Enagás adquiriu o total da rede de gasodutos de Reganosa e esta cedeu a Enagás a súa posición como promotor do hidróxeno-ducto entre Guitiriz e Zamora, candidato PCI da Unión Europea. Pola súa banda, Enagás comprométense a impulsar o desenvolvemento desa infraestrutura de transporte e a súa conexión á interconexión con Portugal.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31402  
Data envío: 18/08/2025 19:04:58.037

Este compromiso foi reafirmado coa firma, o 04.04.2023, do Pacto pola Enerxía, entre a Xunta de Galicia e Enagás, polo cal este último incorporouse á Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, e comprometíase a actuar como promotor do hidróxeno-ducto entre Guitiriz e Zamora e a asegurar así a conexión enerxética da comunidade coa Península e Europa.

Finalmente, en novembro de 2023, a Comisión Europea deixou este investimento fóra da súa última lista de PCI, o que implica que non estará entre as infraestruturas candidatas a lograr financiamento comunitario.

Con motivo da apertura do prazo para as novas candidaturas para a lista PCI, desde a Xunta de Galicia seguimos a defender a importancia da inclusión do hidróxeno-ducto, aínda que debe continuar máis alá de Guitiriz e chegar ata A Coruña.

Porque o que está claro é que, dentro das rexións españolas, Galicia conta con condicións absolutamente privilexiadas para a producción de hidróxeno verde, reunindo todo os factores naturais, industriais e capacidades de innovación necesarios para iso: recurso hídrico, extensión de costa e rede de portos e infraestruturas portuarias de primeiro nivel, e capacidade producción renovable.

Ademais, en Galicia están a desenvolverse proxectos que se prevé xeren unha importante riqueza e emprego. En moitos casos, estes proxectos foron declarados como proxectos industriais estratéxicos ou iniciativas empresariais prioritarias, figuras que non só implican unha axilización na súa tramitación, senón que supón que acreditan un importante grao de madurez.

Por iso, representantes da Xunta, ao longo do mes de novembro de 2024, tiveron reunións con representantes tanto de Enagás como do Ministerio para a Transición Ecolólica e o Reto Demográfico, para coordinar posturas e apoiar a inclusión deste hidroducto Guitiriz-Zamora.

De igual xeito, promoveuse entre os promotores de proxectos en Galicia a importancia de participar na Call for Interest do corredor europeo de hidróxeno verde H2Med, convidando a todos os interesados a participar a través da plataforma en liña H2Digital, onde puideron rexistrar ata o 18 de decembro as súas iniciativas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:04:57





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31401  
Data envío: 18/08/2025 19:04:47,155  
Data 18/08/2025 19:04

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25056**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as demandas que a Xunta de Galicia trasladou ao Goberno central no relativo á regulación das comunidades enerxéticas de base cidadá, especialmente no que atinxe ao recoñecemento das comunidades de montes en man común neste sentido"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A transición enerxética cara un modelo descarbonizado e dixitalizado require, fundamentalmente, de dous factores que logo, por suposto, teñen moitas variantes:

- Unha maior presenza de enerxías renovables no mix enerxético.
- Un maior esforzo nos obxectivos de descarbonización a través da autosuficiencia enerxética e do aforro enerxético.

Baixo estas premisas, ao igual que moitas outras administracións, a Xunta de Galicia estableceu a súa folla de ruta para fixar uns obxectivos intermedios a 2030 que garantan acadar a tan ansiada neutralidade climática a mediados de século.

Se falamos en concreto das comunidades enerxéticas, a normativa neste eido ten que evolucionar. De feito, vimos de ver como houbo unha clara evolución na normativa relacionada co autoconsumo, democratizando a súa implantación. Por exemplo, nos tres últimos anos vimos como se incrementaba dos 500 m as distancias entre punto de xeración e consumo ata os 2.000 m no caso de xeración fotovoltaica (ata 5.000 m a través do Real Decreto-lei 7/2025 mentres estivo en vigor), e incluso en Francia esa distancia incrementouse ata os 20 km.

Así, en España está pendente de aprobación o proxecto de real decreto polo que se desenvolven as figuras das comunidades de enerxías renovables e as comunidades cidadás de enerxía.

A Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, introduciu unha nova figura no sector enerxético: as comunidades de enerxías renovables, que son entidades xurídicas participadas por persoas físicas, pemes ou autoridades locais situadas nas proximidades dos proxectos de enerxías renovables e cuxa finalidade primordial é proporcionar beneficios ambientais, económicos ou sociais, en lugar de ganancias financeiras.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31401  
Data envío: 18/08/2025 19:04:47.155

Similarmente, a Directiva (UE) 2019/944 do Parlamento Europeo e o Consello, do 5 de xuño de 2019, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se modifica a Directiva 2012/27/UE, introduciu outra figura de nova creación, as denominadas comunidades cidadás de enerxía, que configuran un vehículo de participación cidadá en aspectos relativos ao acceso á rede en condicións de non discriminación e de participación nos mercados de electricidade xestionando os activos de xeración que poidan ter asociadas.

O proxecto de real decreto que debe regular ambas figuras saíu a audiencia e información pública entre o 21.04.2023 e o 17.05.2023. Antes da data límite, desde a Xunta de Galicia fixéronse alegacións, entre as que podemos destacar:

- Considérase necesario incluír máis tipoloxías de socios ou membros que as establecidas no borrador do texto, co obxectivo de favorecer a implantación de comunidades de enerxías renovables e de comunidades cidadás de enerxía.
- Considérase necesario establecer un prazo concreto para a presentación de declaracions responsables e a publicación da relación de comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadás de enerxía, co obxectivo de dispoñer dunha información actualizada do estado destes proxectos para así poder desenvolver medidas que permitan impulsar as comunidades de enerxías renovables.
- Considérase necesario reducir o prazo da elaboración da avaliación de obstáculos e do potencial de desenvolvemento das comunidades de enerxías renovables, co obxectivo de dispoñer dunha información actualizada destes aspectos para así poder desenvolver medidas que permitan impulsar estas comunidades”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:04:46





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:16:36  
Nº Rexistro: 31762  
Data envío: 20/08/2025 12:16:227  
Data 20/08/2025 12:16

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25098**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre “**as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

“O programa Fogar Vivo ten como finalidade a posta no mercado de alugamento do meirande número posible de vivendas de titularidade privada a través dunha renda accesible, así como a simplificación e axilización do procedemento de incorporación das vivendas.

Con este programa pónse en marcha unha das medidas previstas para a lexislatura 2024-2028, que foi anunciada o pasado 23 abril de 2025 polo Presidente da Xunta de Galicia no debate de Estado da Autonomía, dirixida a mellorar o acceso e a rehabilitación de vivendas.

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025, e na que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

Para consultar as seccións dispoñibles, así como os requisitos que deben de cumplir adxuntamos a resolución do 3 de xullo de 2025 pola que se regula o programa Fogar Vivo, e se establecen as bases reguladoras das súas axudas (código de procedemento VI426F), se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador (código procedemento VI426G), se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar Vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002_gl.html).

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:35





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25113**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre “**a situación do pequeno e mediano comercio galego, a eficacia das medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a súa supervivencia e a eventual posta en marcha dun plan integral para a promoción deste sector**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta con máis de 24.000 comercios polo miúdo, situándose na quinta posición de España entre as comunidades con maior número de establecementos de comercio polo miúdo. Trátase dun sector que conta con máis de 107.000 postos de traballo na nosa Comunidade.

Estes datos dan conta da importancia que ten o comercio polo miúdo para vertebrar e compactar as nosas vilas e cidades. Unha cidade ou vila con comercio presenta unha vida vibrante, activa e prestada á interacción social, así como ao encontro entre as persoas, máis sostible e cunha maior calidade de vida e de valores para os seus habitantes.

Neste sentido, nesta nova etapa foi primordial desenvolver unha estratexia para contribuir a incrementar a competitividade do sector do comercio polo miúdo galego, apoiándose nas novas tecnoloxías, ademais de incentivar o desenvolvemento dun comercio especializado, de calidade, fortalecido e moderno. Un comercio próximo á cidadanía que promova a un consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.

Así, despois dun gran proceso participativo de todo o sector comercial e a principios de 2025, aprobamos desde a Xunta de Galicia o Plan Estratégico de Comercio 2025-2030, con 74 accións e un investimento de 320 millóns de euros para lograr un comercio máis competitivo, para mellorar a súa visibilización e dinamización, e para contribuir a unha cooperación interinstitucional que facilite o día a día dunha actividade tan importante como é o do comercio a pé de rúa.

Desde o goberno galego traballamos para promover un sector do comercio polo miúdo innovador, intensivo no uso das TIC e con capacidade para crear experiencias de compra memorables; fonte de emprego e riqueza, facilitador de amplos servizos en proximidade que contribúan a fixar poboación no contorno urbano e rural -sobre todo nas vilas cabeceiras de comarca-, adaptando e transformando o sector nas novas tendencias e o respecto ao medio ambiente.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





Neste eido é fundamental a cooperación sectorial e entre administracións, especialmente cos concellos galegos. Estamos a redefinir, a través da elaboración dun decreto de rexistro, a figura dos **centros comerciais abertos** cun enfoque de oferta integradora que contemple tanto os aspectos comerciais, de servizos e lecer, con elementos urbanísticos que axuden a construir unha cidade ou vila más amable e con mellor calidade de vida.

Por outra banda, elaboramos un novo plan de impulso ás nosas prazas de abastos para aumentar o número de Mercados Excelentes reforzándoos como espazos comerciais de atracción ata o comercio local da súa contorna e clave no eido da alimentación, destacando polo seu produto e pola confianza que xera a súa orixe e a relación persoal das persoas comerciantes coa clientela. A través delas debemos canalizar o consumo dos produtos KM 0, produtos de alta calidade e cun alto compoñente de sostibilidade, non so pola proximidade ao lugar de produción, senón pola súa importancia á hora de fixar poboación no rural e manter as terras cultivadas e producindo. Neste senso, promoveremos a súa conversión en mercados excelentes.

Para paliar a desaparición do comercio estamos afondando no **plan de remuda xeracional** con asesoramento e apoios económicos para aqueles comercios rendibles en mans de propietarios envellecidos que van ser pechados por que carecen de dito relevo. Ademais promovemos o programa **Localízate** para achegar aos mozos ao comercio local; neste ano, 600 alumnos e alumnas participaron nunha xincana no comercio local e prazas de abastos das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e, no 2026, serán preto de 1.000 nas 7 cidades galegas os que poidan descubrir os valores do noso comercio polo miúdo.

Seguiremos impulsando a mellora da competitividade do comercio galego coas liñas de mellora da dixitalización, da modernización e da sostibilidade ambiental, preto de 4 millóns de euros anuais que contribúen á modernización do sector para poder enfrentarse aos grandes retos, tal e como a competencia dun comercio en liña que está a aumentar a súa facturación ano a ano.

Configuraremos, a través da posta en marcha do Observatorio de Comercio e a través da Mesa Autonómica de Comercio, un mapa do comercio galego que determine en cada comarca que tipo de comercio polo miúdo hai e que debemos facer para impulsalo e, por suposto, continuaremos con medidas que están funcionando de xeito moi satisfactorio coma o **Bono Activa Comercio**, que mobiliza compras por valor de 35 millóns de euros anuais e que achega aos máis mozos ao comercio local.

Estas son algunas das 42 iniciativas que se están a poñer en marcha por parte do Goberno galego, concretamente a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no marco do Plan Estratéxico de Comercio 2025-2030, cun investimento previsto de 320 millóns de euros e que pretende a implicación de todos os axentes públicos e privados, así como a transformación do comercio local de Galicia facéndoo más atractivo para todos”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/08/2025 09:52:28  
**Nº Rexistro: 32012**  
Data envío: 22/08/2025 09:52:28.036

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:52:27





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31551  
Data envío: 19/08/2025 16:17:39.610  
Data 19/08/2025 16:17

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25118**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre “o investimento realizado polo Goberno galego no grupo atuneiro Atunlo nos últimos quince anos e as medidas que prevé desenvolver, no contexto marcado pola crise desta empresa, para garantir o emprego e a actividade no sector mar-industria”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“O sector mar-industria representa un piar estratégico para a economía galega, cun peso próximo ao 5% do PIB e unha presenza clave ao longo de todo o litoral, desde as actividades extractivas ata a transformación e comercialización. Galicia é, ademais, un referente mundial en exportación de produtos do mar, liderando con diferenza as cifras españolas e situándose entre os primeiros países exportadores a nivel internacional.

No actual contexto económico, a Xunta de Galicia mantén unha colaboración activa coas empresas do sector co obxectivo de reforzar a súa competitividade, apoiar procesos de transformación industrial e acompañar a internacionalización das compañías.

Este apoio concrétese a través de programas impulsados por diferentes organismos, entre eles o Igape, orientados á modernización produtiva, o acceso a financiamento e a consolidación de cadeas de valor estratégicas para o país.

Non obstante, somos plenamente conscientes de que a situación do grupo Atunlo constitúe un episodio especialmente sensible. A Xunta de Galicia permaneceu atenta ao proceso en todo momento, aceptando a decisión das partes implicadas e traballando agora na procura de que o impacto sexa o mínimo posible.

Cómpre insistir en que a cadea mar-industria seguirá a ser unha prioridade para a Xunta de Galicia, tanto pola súa capacidade de xerar riqueza e emprego como polo seu papel vertebrador en zonas costeiras. E farémolo desde a responsabilidade institucional e a cooperación co sector, para que situacións coma a de Atunlo poidan ser reconducidas ou compensadas a través de alternativas industriais viables”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 31551**  
Data envío: 19/08/2025 16:17:39.610

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:39





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31400  
Data envío: 18/08/2025 19:04:40,826  
Data 18/08/2025 19:04

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25155**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre "**a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:04:40



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25168**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre “**a continuidade do Hospital Provincial de Pontevedra, a conveniencia de mellorar as súas infraestruturas e as previsións orzamentarias, o calendario e o plan de usos para o novo Hospital de Montecelo**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 13119, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o día 6 de novembro de 2024. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/  
smupX3lcGjIi7viEEJOGWsxR6N53ushbo60L7jklyhzMrtw”.](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/smupX3lcGjIi7viEEJOGWsxR6N53ushbo60L7jklyhzMrtw)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:04:33





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31397  
Data envío: 18/08/2025 18:59:47,546  
Data 18/08/2025 18:59

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25180**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Patricia Iglesias Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxerá á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:47





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31396  
Data envío: 18/08/2025 18:59:39,621  
Data 18/08/2025 18:59

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25185**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinoza Mangana e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria da Coruña e Cee"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:39





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31395  
Data envío: 18/08/2025 18:59:33,810  
Data 18/08/2025 18:59

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre "**a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxerá ÁREA SANITARIA DE FERROL**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:33





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25197**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro sobre **"os datos da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2024 e as estratexias ou os plans que prevé desenvolver o Goberno galego nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso dos interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllese, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunto coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.
- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.
- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.
- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



- Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.
- Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevencións dos ricos laborais é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos ricos laborais, co obxecto de detectar e de previr as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquellas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poden ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándose non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



En canto aos criterios de selección ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente co persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construcción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos do EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, tal e como apunta, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:25



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25212**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre “**a estratexia que desenvolve a Xunta de Galicia en materia de atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres e as previsións que ten nesta materia**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A saúde das mulleres non é algo independente e illado, senón que é algo transversal a diversas especialidades médicas. É por iso que, lonxe de crear unha unidade de muller, o máis convinte é manter as especialidades convencionais dotándoas de guías, protocolos, plans e medidas que beneficien a saúde das mulleres con atención ás características da súa saúde.

As medidas que está levando adiante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para unha atención integral á saúde das mulleres galegas resúmense en:

- 1- Impulso de políticas sanitarias, con perspectiva de xénero e de maneira transversal, así como daquelas que aborden problemas específicos de saúde das mulleres ao longo do seu ciclo vital, dende o nacemento ata a adultez.
- 2- Desenvolvemento de accións de promoción da saúde e prevención da enfermidade.
- 3- Diagnóstico e tratamiento precoz da enfermidade.
- 4- Recuperación e rehabilitación da saúde.
- 5- Coordinación entre atención primaria e hospitalaria, facilitando a continuidade asistencial mediante a elaboración de documentos que unifiquen os criterios de actuación e melloren os circuitos de derivación entre os distintos dispositivos sanitarios.
- 6- Formación e sensibilización do persoal sanitario que presta atención ás mulleres.
- 7- Información á poboación en xeral e ás mulleres, para fomentar hábitos de vida saudable, promover a súa saúde e informar das prestacións sanitarias dispoñibles”.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:08





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31389  
Data envío: 18/08/2025 18:58:43,238  
Data 18/08/2025 18:58

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25223**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxo á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:42





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31388  
Data envío: 18/08/2025 18:58:36.706  
Data 18/08/2025 18:58

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25228**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:36





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO  
DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00



Nº Rexistre: 31387  
Data envío: 18/08/2025 18:58:25,304  
Data 18/08/2025 18:58

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Carlos López Font, sobre **"a postura do Goberno galego ante unha eventual revisión dos acordos de xestión asinados o día 5 de maio de 2025 polo Sergas no que atinxe á Área Sanitaria de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos que se marca o Servizo Galego de Saúde anualmente establecense con indicadores consensuados entre os equipos directivos centrais e das áreas sanitarias.

Os Acordos de Xestión que o Servizo Galego de Saúde asina anualmente coas áreas sanitarias constitúen o instrumento fundamental para materializar o compromiso da Xunta coa sustentabilidade do sistema e co paciente como eixo central de todas as actuacións. Este ano estes acordos enmárcanse nun contexto de transformación do modelo sanitario galego, onde se pon especial énfase en cinco grandes eixes: resultados en saúde, atención á saúde mental, promoción e prevención da saúde, reforzo da atención primaria e innovación e tecnoloxía.

Estas liñas guían a toma de decisións clínicas e organizativas, ademais da asignación de recursos e o deseño de políticas públicas cun enfoque integral de saúde.

Os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias correspondentes ao ano 2025 están publicados no portal de transparencia da e goberno aberto da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:24





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31549  
Data envío: 19/08/2025 16:17:26.603  
Data 19/08/2025 16:17

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25346**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre “**a situación económica da empresa Castelao Productions S. A., que conta con participación de Sodiga, a información que posúe a Xunta de Galicia sobre esta empresa e a valoración respecto do seu encaixe nos obxectivos que debe ter este tipo de investimento público**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A participación de Sodiga en Castelao Productions S.A. responde a unha decisión estratégica adoptada no marco das políticas públicas de impulso ao sector audiovisual galego. Entre os anos 2003 e 2008, realizouse un investimento total de 7 millóns de euros, en colaboración con outros socios institucionais como Sepides, Caixa Galicia ou Caixa Laietana. Esta achega permitiu á sociedade pública adquirir unha participación do 9,23% do capital da compañía.

Cómpre lembrar que Castelao Productions –anteriormente Filmax Entertainment– formaba parte dunha aposta máis ampla por consolidar un tecido empresarial competitivo no ámbito audiovisual, un sector considerado estratégico tanto pola súa capacidade de xeración de contidos e emprego como polo seu impacto cultural e económico.

Non obstante, a compañía viuse gravemente afectada polas consecuencias da crise financeira e do cambio de paradigma no consumo de produtos audiovisuais, iniciando en 2010 un proceso concursal e de reestruturación. Desde entón, a evolución da empresa foi obxecto dun seguimento constante por parte de Sodiga, que participa no consello de administración e dispón de información periódica sobre a situación económico-financeira da sociedade.

Se ben Castelao Productions continúa arrastrando as consecuencias acumuladas da súa etapa crítica, nos últimos exercicios a compañía logrou mellorar os seus resultados, pechando os anos 2022 e 2023 con beneficios.

Este feito, xunto coa súa capacidade para manter a actividade, desenvolver proxectos e xerar emprego directo e indirecto, contribúe a unha valoración prudente pero positiva da súa evolución recente.

A Xunta de Galicia, a través de Sodiga, mantén o seu compromiso co rigor na xestión dos investimentos públicos. Por iso, o seguimento desta participación continúa a ser exhaustivo, avaliado de forma periódica á luz dos obxectivos definidos para este tipo de instrumentos: apoiar sectores estratégicos, facilitar a consolidación de empresas con base en Galicia e actuar como catalizador para atraer investimento privado”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:26





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31386  
Data envío: 18/08/2025 18:58:18,206  
Data 18/08/2025 18:58

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25351**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"os prexuízos que podería causar ao túnel romano de Montefurado, en Quiroga, así como ao Camiño de inverno e aos núcleos de poboación da contorna a actividade mineira que se está a iniciar para a extracción de lousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa concesión de explotación "BLANCA FRACCIÓN 1ª" Nº 5479.1 cómpre sinalar que, o 24.09.2019, se outorgou para lousa durante 30 anos cunha superficie de 5 cuadrículas mineiras sitas no termo municipal de Quiroga.

Esta explotación conta con Declaración de Impacto Ambiental do 24.02.2012.

En calquera caso, desde entón denegouse o plan de labores para o ano 2020 o 27.11.2020, e para o ano 2021 o 13.03.2021.

No ano 2022 xirouse unha visita de inspección o 29.09.2022 constatándose que non se iniciaron traballos, nin a realización de labor mineiro algúin, nin existencia de instalacións, maquinaria ou outros.

Para o ano 2023 a empresa presentou un plan de labores de cuxo contido inferíase que, trala inspección feita o ano 2022, aínda non se iniciaran os traballos na explotación, non constando que o titular dispuxera de recursos humanos para o seu desenvolvemento, postergando o seu inicio a un futuro indeterminado ao poñer de manifesto que "(...) se subcontratará integralmente la operación minera a una empresa, con experiencia, del sector pizarrero (...)".

Con posterioridade, o 04.04.2023, presenta solicitude de suspensión temporal de labores que é denegada o 11.04.2023 por poder estar incuso xa en causa de caducidade.

De igual xeito, denegouse plan de labores para o ano 2024 o 02.05.2024.

Por último, hai que indicar que o 29.08.2024 xirouse visita de inspección constatando a realización de traballos – sondaxes de testificación -. Estes traballos non están autorizados, xa que o plan de labores fora denegado e, en calquera caso, non prevían os traballos realizados. Por ese motivo, neste momento estase pendente de proposta de incoación dun expediente sancionador, o que é un exemplo do compromiso da Xunta coa minería sustentable que sempre defende o Goberno galego".

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:17





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25356**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Ramón Fernández Alfonzo e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a situación das pequenas empresas auxiliares do sector naval afectadas por impagos dos grandes estaleiros en crise e as xestións realizadas polo Goberno galego, así como as que ten previstas, para protexelas e sostener a súa actividade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia estratégica que ten o sector naval para a economía de Galicia, así como da realidade que atravesan determinadas empresas auxiliares, especialmente nas comarcas do sur da Comunidade.

Trátase dunha industria con gran capacidade de xeración de valor, que representa arredor do 3,5% do PIB industrial galego, dá emprego a milleiros de persoas e actúa como motor económico nos principais portos da Comunidade. Segundo os datos de 2024, Galicia concentra o 41% da actividade ponderada do naval estatal, lidera as botaduras, acumula o 40% da carteira nacional de pedidos e mantén a súa posición destacada en novos contratos.

No marco deste compromiso co sector, o Plan Director da Construcción Naval 2025-2027, aprobado no mes de marzo, cun orzamento de máis de 62 millóns de euros, inclúe 62 medidas destinadas a impulsar a dinamización industrial, a formación, a innovación e a mellora das infraestruturas e do solo industrial.

A Xunta de Galicia mantén como prioridade apoiar tanto ás empresas estaleiras como á súa industria auxiliar. En particular, para atender as necesidades más inmediatas das empresas auxiliares, especialmente aquellas afectadas por situacions de impago ou atrasos nos cobros, o Igape activou unha liña de préstamos específicos para a industria auxiliar da construcción naval. Trátase dunha ferramenta creada no ano 2019 e renovada anualmente, que permite financiar pagamentos operativos e garantir liquidez, ofrecendo un colchón financeiro ante episodios de inestabilidade.

A convocatoria correspondente ao ano 2025 foi publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 13 de xaneiro e permanecerá aberta ata o 1 de decembro. Esta liña está deseñada para facilitar o acceso a financiamento a longo prazo, proporcionando fondo de manobra suficiente ás empresas afectadas.

O Goberno galego continuará a traballar con responsabilidade e dentro das súas competencias para acompañar ás empresas do sector naval e contribuír á súa estabilidade, especialmente naqueles casos onde a viabilidade da actividade empresarial poida verse comprometida por factores alleos á súa xestión directa".

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:19



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25369**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"os contratos que ten a Xunta de Galicia coa empresa Circet, o grao de cumprimento da normativa laboral por parte desta empresa e o expediente de regulación de emprego que presentou"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi respondida en Pleno, polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez, o pasado 3 de decembro de 2024.

A continuación, indícase o ligazón da sesión:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ODlmMWQ1NDItNjKzC00NTViLWFhZmQtOTFhNjliMGNiNDkz ."](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODlmMWQ1NDItNjKzC00NTViLWFhZmQtOTFhNjliMGNiNDkz)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:11





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31381  
Data envío: 18/08/2025 15:35:15,003  
18/08/2025 15:35

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25545**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**a valoración que fai o Goberno galego respecto da pertinencia dun novo plan de saúde mental**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten entre as súas prioridades a mellora da atención á saúde mental para ofrecer a máxima calidade asistencial aos pacientes.

Consciente do incremento dos problemas de saúde mental desde a pandemia, a Xunta desenvolveu un Plan de Saúde Mental 2020-2024 dotado con 83M€ e que inclúe as propostas dos profesionais, asociacións e federacións de pacientes. O Plan permitiu:

- A creación dunha unidade de hospitalización de agudos infanto-xovenil en Vigo, que complementa á de Santiago e aos hospitais de día de saúde mental infanto-xovenil das 7 áreas.
- A creación de 244 prazas de especialistas en saúde mental.
- A mellora das ratios de psicólogos clínicos que pasou de 3,4 a 5,2 por cada 100.000 habitantes e a de psiquiatras chegou a 8,6.

A Consellería de Sanidade xa traballa nun novo Plan de saúde mental que continúa impulsando e mellorando este modelo de atención e que permitirá, entre outras medidas, que os centros de saúde contén con persoal de psicoloxía clínica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:35:14





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25547**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Iria Carreira Pazos sobre **"a valoración dos termos en que está redactada a proposta do Goberno central de regulamento de desenvolvemento da Lei 21/2022, do 19 de outubro, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), ten competencia na tramitación para a aprobación dos plans de traballo para asegurar que os traballos con amianto se lleven a cabo de maneira que non se poña en risco ao persoal traballador nin a outras persoas, ademais de protexer o medio ambiente.

Na tramitación do procedemento de aprobación dos plans, tanto o Issga como a Inspección de Traballo e Seguridade Social, emiten un informe técnico. Para poder realizar os traballos con amianto, as empresas teñen que estar inscritas no Rexistre de Empresas con Risco por Amianto (RERA), que tamén é xestionado polo Issga.

Todo isto faise de xeito coordinado e harmonizado nas catro provincias e tendo en conta o Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Os datos da tramitación referentes ao pasado ano 2024 son os seguintes:

- Número de plans de traballo presentados: 710.
- Número de plans de traballo aprobados: 696 -acadan o valor máis elevado desde que se xestionou o rexistro e superando en 98 aos do ano anterior-.
- Número de traballos executados ao abeiro de plans aprobados: 2.617.
- Número de empresas que realizaron traballos: 142 (135 delas son empresas galegas).
  - Altas no RERA: 23. Nos últimos cinco anos, mantense constante o número de empresas que solicitan a alta no RERA, por debaixo dos incrementos na inscrición observados entre os anos 2010 a 2017, o cal nos leva a afirmar que os traballos con risco por amianto, esencialmente traballos de retirada de materiais de fibrocemento, son desenvolvidos por un grupo de empresas que se van consolidando nesta actividade -maioritariamente empresas galegas-.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





• Tendo en conta o tipo de actividade nos traballos desenvolvidos, a actividade maioritaria, nun 93% dos casos, é a retirada de materiais con amianto - fundamentalmente materiais de fibrocemento como cubertas, canalizacións e placas de fachada-, seguida do transporte, tratamento e destrución de residuos, que representa un 3,85%. Estes datos son coherentes coa progresiva chegada dos materiais con amianto ao fin da súa vida útil, e a súa necesidade de xestionar un vertedoiro autorizado para estes materiais considerados como residuos perigosos.

Estas metodoloxías son fundamentais para establecer, con criterio técnico, un calendario que planifique a retirada dos materiais con amianto en función do seu deterioro e o risco que puideran supoñer para os ocupantes dos edificios.

O Issga conta cunha ampla experiencia en materia de amianto e participa activamente en diversos grupos de traballo a nivel autonómico e nacional que pretendan dar respostas técnicas a problemáticas de riscos concretas, propiciar as necesarias reformas técnicas e/ou normativas e, en xeral, transmitir e compartir coñecemento técnico.

A continuación, indícase unha relación destes grupos:

- Grupo sobre amianto do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (CGSSL).
- Grupo sobre amianto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) e o subgrupo para a modificación do Real Decreto 396/2006 co motivo da publicación da nova Directiva de amianto que rematou na elaboración dun informe que servirá de base para facer a transposición normativa.
- Grupo sobre amianto da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST) no que se traballa en dúas liñas de traballo, unha para elaborar unha guía para o seguimento e control da execución de plans de traballo e outra relativa á formación do persoal traballador en materia de amianto.

O persoal técnico do Issga tamén realiza comprobacións in situ do cumprimento das medidas preventivas contempladas no plan de traballo aprobado, coa intervención do persoal técnico habilitado cando sexa necesario.

Respecto a outras actuacións de asesoramento técnico e divulgación, destacan as seguintes:

- Campaña de sensibilización e accións formativas dirixidas ao persoal traballador que pode atopar amianto de xeito inesperado (persoal de mantemento, da construcción ou fontaneiros, entre outros), a través da publicación Alerta ISSGA, pode haber amianto.
- Accións de información e asesoramento dirixidas a comunidades de veciños e persoas interesadas en xeral, en especial no tocante a responsabilidades sobre a xestión dos materiais con amianto, prácticas desaconselladas como a dobraxe de cubertas, a necesidade de xestionar e retirar debidamente todo o amianto instalado e os requisitos para a retirada segura.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31380  
Data envío: 18/08/2025 15:35:09.570

- No plan de actuación do Instituto para este ano 2025, recóllense dúas campañas de sensibilización, que están en proceso de elaboración, unha delas sobre a identificación e xestión dos materiais con amianto instalados e outra para alertar sobre as obrigas na retiradas de amianto nos edificios. Ademais, está prevista no segundo semestre do ano, a realización dunha xornada técnica para dar orientacións de cara a xestión segura dos materiais con amianto e metodoloxías de localización, identificación e valoración do risco potencial.

A maiores, o pasado 12 de xuño foi respostada, na Comisión 3.<sup>a</sup> Economía, Facenda e Orzamentos, unha pregunta sobre o mesmo asunto (remitimos ligazón da sesión por se fose de interese):

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=MTNmODdkMzUtNjA4OS00ZmZhLWExYT MtY2RmNTk1ZGIxY2U0](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTNmODdkMzUtNjA4OS00ZmZhLWExYT MtY2RmNTk1ZGIxY2U0) ."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:35:09





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31377  
Data envío: 18/08/2025 15:34:50,937  
Data 18/08/2025 15:34

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Patricia Iglesias Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da pertinencia dunha mellor dotación de recursos económicos para os plans de saúde mental e para a ampliación no Sergas do persoal especializado neste ámbito da saúde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O informe do Consello de Contas sobre o Plan de Saúde Mental 2020-2024 da Xunta destaca o rigor orzamentario na execución desa planificación.

O informe únicamente analiza os anos 2021 a 2023, deixando fóra da avaliación os anos 2020 e 2024, durante os que tamén se estendía o plan.

Ademais, o informe só analiza a execución dos capítulos orzamentarios II, IV e VI, que se corresponden con gastos correntes, transferencias correntes e investimentos, deixando fóra o capítulo de persoal.

Pese a que o informe só se refire a uns anos concretos de execución do Plan e a que non recolle todos os capítulos, o propio informe destaca o rigor orzamentario na execución do plan e sinala que únicamente houbo unha variación do 0,7 % con respecto ao investimento orzamentado.

O Plan de Saúde Mental estaba dotado cun investimento de 83 M€, incluíndo tamén o gasto de persoal, algo que non se ten en conta no informe do Consello de Contas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:50





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31376  
Data envío: 18/08/2025 15:34:45,324  
Data 18/08/2025 15:34

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Silvia Longueira Castro e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de auditoría do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O informe do Consello de Contas sobre o Plan de Saúde Mental 2020-2024 da Xunta destaca o rigor orzamentario na execución desa planificación.

O informe únicamente analiza os anos 2021 a 2023, deixando fóra da avaliación os anos 2020 e 2024, durante os que tamén se estendía o plan.

Ademais, o informe só analiza a execución dos capítulos orzamentarios II, IV e VI, que se corresponden con gastos correntes, transferencias correntes e investimentos, deixando fóra o capítulo de persoal.

Pese a que o informe só se refire a uns anos concretos de execución do Plan e a que non recolle todos os capítulos, o propio informe destaca o rigor orzamentario na execución do plan e sinala que únicamente houbo unha variación do 0,7 % con respecto ao investimento orzamentado.

O Plan de Saúde Mental estaba dotado cun investimento de 83 M€, incluíndo tamén o gasto de persoal, algo que non se ten en conta no informe do Consello de Contas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:44





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25616**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños sobre **"a execución orzamentaria do ano 2024 e as melloras que prevé impulsar o Goberno galego na execución do actual exercicio e na planificación do ano 2026"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

"O mercado laboral galego continúa avanzando grazas ás políticas activas de emprego que están a ser eficaces para continuar xerando máis e mellor emprego de calidade, tendo como base o Diálogo Social cos principais axentes económicos, cunha asignación de 1 M€ para avanzar sobre o mesmo e máis de 2,2 M€ en axudas a organizacións sindicais e empresariais.

Se atendemos ao núcleo duro do círculo, situaríamos aos demandantes activos de emprego. A nosa aposta a futuro para este colectivo é potenciar a súa empregabilidade e, neste ámbito, son algunas as medidas que, xunto ao seu orzamento, é importante destacar.

A modernización do SPEG, con preto de 1,6 M€, ademais da implantación da ferramenta EMi nas 54 oficinas de emprego de Galicia, cun orzamento doutro millón de euros, ademais das microformacións como vía para favorecer a empregabilidade das persoas, cun montante de 4,8 M€.

Deste xeito, volveuse reactivar a convocatoria de axudas pioneira destinada especificamente ao financiamento de accións formativas a demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas por valor de 4 M€. Tamén orzamentamos 2 M€ en concepto de Bonos Talento Empresa para a impartición de microcredenciais desde as empresas, dedicando máis de 42,5 M€ neste ano 2025 para a formación de persoas desempregadas e 8 M€ para materia de formación e inserción profesional.

Así mesmo, seguiremos mantendo a colaboración que establecemos cos principais clústeres galegos e asociacións para contribuír á materialización de formacións específicas e de curta duración, cun orzamento de 5 M€ dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para motivar accións formativas que favorezan a reciclaxe profesional e a formación en novas habilidades.

A raíz disto, comprometérónse preto de 6 M€ dentro do Plan de Transición Xusta da Coruña, á Cidade das TIC.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31375  
Data envío: 18/08/2025 15:34:39,986

Deste xeito, en formación destínanse arredor de 72 M€ neste ano.

En relación á colectividade galega do exterior, temos en marcha a Estratexia Galicia Retorna, dotada con 450 M€ para favorecer a volta de 30.000 persoas deica o ano 2026, ofrecéndolle contratacións en orixe e impulsando a súa inserción laboral a través do programa Retorna Cualifica Emprego, mediante o cal prevemos atraer unhas 220 persoas cun orzamento de máis de 2,4 M€.

Neste contexto, dáse pé a un novo programa de axudas á vivenda, no marco do Retorna Cualifica Emprego, aparellado a un orzamento de 2 M€ para a rehabilitación de vivendas, co fin último de favorecer o arraigamento das persoas emigrantes retornadas no territorio galego.

Ademais, lanzouse unha nova edición do Programa Arraigo para a Formación, impulsando a súa capacitación a través de microformacións para cubrir vacantes, cun orzamento de 900.000€.

Deste modo, blindamos un paquete de ferramentas para a captación de talento fóra de Galicia dotado con máis de 3,3 M€.

Así mesmo, seguiremos traballando a prol do colectivo de autónomos e en favor do emprendemento dun xeito ordenado, unificando as axudas do colectivo para reducir a burocracia. Por iso, fíxose un conglomerado de achegas existentes e específicas para este colectivo de persoas autónomas, que superará os 40 M€:

- Programa de promoción do emprego autónomo e cota cero.
- Bono autónomo.
- Programa Nova Oportunidade.
- Bono Remuda xeracional de negocios.
- Axudas para a conciliación das persoas autónomas.

Así e todo, enmárcanse na Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027, que seguirá consagrándose como rexedora das políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos. No seu seo, ata 1 M€ será para novas actuacións, sumando os 1,35 M€ investidos en apoiar ás persoas autónomas na contratación de traballadores por conta allea.

Tamén 350.000€ para fomentar o asociacionismo de persoas autónomas e 250.000€ máis en programas de mentoría para contribuír á sustentabilidade social empresarial e á mellora da competitividade das persoas autónoma de Galicia.

Ademais, a Estratexia Mocidade Activa conta con 20 M€ para mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación:

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



- Programa Primeira Experiencia Profesional.
- Galicia Emprega Moz@s.
- Programa Investigo.
- Programa Cooperas.
- Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo.

Por suposto, seguiremos incentivando a actividade emprendedora a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoyo ao Emprego, cunha dotación de 6,2 M€, ademais da posta en marcha dun Bono de emprendemento cun investimento de 700.000€.

Neste contexto, cómpre ter en conta as axudas ao emprendemento, cuxa convocatoria acadará os 6,8 M€; as achegas para fomentar iniciativas empresariais emprendedoras e innovadoras, dotada con 588.500€ e as axudas para impulsar iniciativas empresariais xeradoras de emprego, con 500.000€.

Isto é, falamos de máis de 14,5 M€ en concepto de favorecer, por todas as canles posibles, a actividade emprendedora.

Cómpre destacar a activación do Centro de Orientación ao Emprendemento, comportando 700.000€ para financiar a actividade normal desta nova entidade. Ao abeiro da Rede de Polos tamén continuamos co compromiso co rural, tendo en conta o proxecto piloto Fixar, cun orzamento de 120.000€.

En conxunto, as iniciativas activas en favor do desenvolvemento rural no ámbito rural comportarán máis de 80 M€.

Un total de 44,8 M€ serán dirixidos para todas as actuacións encamiñadas a favorecer o eido da Economía Social e do cooperativismo na nosa comunidade, o que supón un 2,8% máis que no exercicio anterior.

Así mesmo, continuaremos avanzando no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral e no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados:

- Axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas.
- Achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia de igualdade laboral.
- Plataforma virtual Iqual Campus.
- Medidas contra a fenda salarial.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





En canto ao sector comercial, configurouse o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 e tamén se abordan retos como a transformación dixital, a innovación, a remuda xeracional e a modernización do sector comercial e artesanal desde unha perspectiva convxunta:

- Axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal.
- As actuacións para o desenvolvemento de plans formativos para o sector comercial galego.

Ademais, o Mapa do Comercio de Galicia, unha ferramenta que contemplará a todo o sector comercial, terá un orzamento dun millón de euros. Tamén impulsaremos as prazas de abastos, fomentando a súa certificación como Mercados Excelentes, a través dun orzamento de 6,8 M€.

Neste importe inclúese o millón de euros destinado na posta en servizo da Praza de Abastos n.º 1 de Ourense, ademais de 800.000€ para a creación dunha nova Praza de Abastos en Ponteareas.

A maiores, hai comportados 300.000€ para potenciar os recintos feirais en colaboración e coordinación cos axentes implicados e co tecido empresarial.

Incrementaremos esforzos na dinamización comercial co desenvolvemento de proxectos piloto de dinamización, Vilas Vivas, cun orzamento de 1,2 M€, ademais de seguir apoiando ao comercio local co Bono Activa Comercio, dotado con 5 M€.

No eido do sector artesanal, a Fundación Pública Artesanía de Galicia conta con 1,2 M€ para desenvolver a súa actuación. Asemade, investiremos 265.000€ para continuar fomentando as axudas para o fomento da comercialización da artesanía.

Por último e no eido da emigración, a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 procura funcionar como mecanismo para a inserción daqueles galegos que volven á nosa comunidade. No marco do Retorna Cualifica Emprego, un millón de euros irán destinados á rehabilitación de vivendas, ademais de destacar as axudas para o fomento do autoemprego e a súa actividade emprendedora dos emigrantes retornados, cun millón de euros.

As achegas extraordinarias ao retorno incremántanse nun 15 %, chegando ata os 2,3 M€; as Bolsas BEME alcanzan os 2,75 M€; o esforzo inversor en materia das actuacións derivadas da Lei de galegideade cun 3,2 M€; 4 Me para as axudas económicas individuais e de emerxencia social para residentes no exterior. Por suposto, continuamos mantendo as axudas destinadas a todas as entidades galegas no exterior, con case 2,6 M€, sen esquecemos dos 660.000€ destinados a axudas para a conservación do seu patrimonio e a adquisición de equipamentos.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Para rematar, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia conta un total de 7,8 M€ -medrando un 3% máis-, tendo en conta o orzamento comportado para as axudas en materia de prevención de riscos laborais, que supera os 2,9 M€.

Así mesmo, destínanse ata 7,4 M€ ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia e 1,4 M€ ás accións do Consello Galego de Relacións Laborais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:39





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 12:34:35  
Nº Rexistro: 31865  
Data envío: 21/08/2025 12:34:35.229  
Data 21/08/2025 12:34

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25677**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a ampliación do porto deportivo de Baiona e o impacto da crecente actividade turística na vila"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRINmVkJzRhNzcy&start=16989.867](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRINmVkJzRhNzcy&start=16989.867)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:34:34





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25751**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños sobre “os niveis de sinistralidade laboral en Galicia, os expedientes sancionadores por infraccións nesta materia pechados nos anos 2021, 2022 e 2023, así como sobre a eficacia da inspección de traballo e os medios do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

“Galicia ten unhas actividades económicas de alto risco e de elevada sinistralidade como poden ser o sector forestal ou a pesca, ao que hai que engadir, sen ser específica de Galicia, a construcción. En todas estas actividades, é posible mellorar a xestión preventivas e, como consecuencia, reducir os accidentes de traballo.

A Xunta de Galicia, especialmente a través do Issga, ten un forte compromiso coa sinistralidade laboral, non soamente condenando as mortes laborais, senón traballando decididamente por evitar todo tipo de accidente, sexa grave ou se reduza a un suceso leve, salvagardando a seguridade de todos os traballadores e traballadoras.

A atomización e a pequena estrutura das empresas non facilita unha adecuada xestión preventiva no día a día nos lugares de traballo. É importante destacar que tamén teñen unha tendencia crecente e singular os accidentes que teñen a súa causa principal nos infartos, derrames e outras patoloxías non traumáticas, motivo polo que se están a desenvolver diversas accións no eido dos riscos psicosociais e da promoción da saúde no traballo, tendo en conta o concepto de saúde integral.

Por outra banda, as tendencias que se observan a nivel nacional son bastante similares ás de Galicia. A Administración o que debe facer é poñer en marcha todos os seus instrumentos, neste caso, a ITSS e o Issga, para impulsar unha verdadeira cultura preventiva a través dun asesoramento técnico especializado e de actuacións de vixilancia e control que deriven na mellora das condicións de seguridade e saúde.

O maior valor do Issga reside no coñecemento e actuación no seu persoal técnico especializado nas distintas disciplinas preventivas. Por isto, débese mencionar que, no ano 2023, finalizaron os procesos selectivos das distintas escalas de seguridade e saúde no traballo, que deron como resultado a ocupación como persoal funcionario de carreira da totalidade das prazas técnicas, nas cinco sedes do Instituto, resultado 22 prazas máis respecto a situación anterior do proceso selectivo. Polo tanto, fixose

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



e acadouse un gran logro en canto ao incremento do persoal técnico e, sen dúbida, haberá que facer un esforzo para que a dotación de medios necesarios para o seu traballo sexa adecuado e suficiente.

A este respecto, cómpre lembrar que o orzamento do Issga para este ano 2025 incrementouse nun 3% en comparación coa anterior anualidade, conformando un total de 7,8 millóns de euros. A este importe, hai que sumarlle o orzamento comportado para as axudas en materia de prevención de riscos laborais, que superará os 2,9 millóns de euros.

Neste eido, seguiremos vixilantes velando pola seguridade e saúde laboral e incidiremos na prevención por medio de campañas de sensibilización, sobre todo, a través da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, aprobado no pasado ano 2023 en consenso unánime coas organizacións sindicais e empresariais galegas.

Desde 2017 ata 2019, obsérvase unha tendencia alcistas de accidentes laborais rexistrados. No ano 2020, obsérvase un descenso, que principalmente se debe ao cese de actividade e, polo tanto, ao descenso de traballadores e traballadoras expostos. Desde o ano 2021 ata o 2023 e co fin da pandemia, aumentan o número de accidentes, manténdose en cifras parellas no conxunto as do ano 2018.

Os datos manifestan os sectores ou actividades que deben ser de actuación prioritaria ou preferente, tanto en campañas de sensibilización como en actuacións de asesoramento técnico, seguimento e control de actuacións preventivas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:27





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25752**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, dona Montserrat Prado Cores e dona Carmela González Iglesias, sobre **"os niveis de sinistralidade laboral en Galicia, os datos correspondentes ás infraccións en materia de riscos laborais durante os anos 2021, 2022 e 2023, así como respecto da actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da dotación de medios e competencias do Issga"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

"Galicia ten unhas actividades económicas de alto risco e de elevada sinistralidade como poden ser o sector forestal ou a pesca, ao que hai que engadir, sen ser específica de Galicia, a construcción. En todas estas actividades, é posible mellorar a xestión preventivas e, como consecuencia, reducir os accidentes de traballo.

A Xunta de Galicia, especialmente a través do Issga, ten un forte compromiso coa sinistralidade laboral, non soamente condenando as mortes laborais, senón traballando decididamente por evitar todo tipo de accidente, sexa grave ou se reduza a un suceso leve, salvagardando a seguridade de todos os traballadores e traballadoras.

A atomización e a pequena estrutura das empresas non facilita unha adecuada xestión preventiva no día a día nos lugares de traballo. É importante destacar que tamén teñen unha tendencia crecente e singular os accidentes que teñen a súa causa principal nos infartos, derrames e outras patoloxías non traumáticas, motivo polo que se están a desenvolver diversas accións no eido dos riscos psicosociais e da promoción da saúde no traballo, tendo en conta o concepto de saúde integral.

Por outra banda, as tendencias que se observan a nivel nacional son bastante similares ás de Galicia. A Administración o que debe facer é poñer en marcha todos os seus instrumentos, neste caso, a ITSS e o Issga, para impulsar unha verdadeira cultura preventiva a través dun asesoramento técnico especializado e de actuacións de vixilancia e control que deriven na mellora das condicións de seguridade e saúde.

O maior valor do Issga reside no coñecemento e actuación no seu persoal técnico especializado nas distintas disciplinas preventivas. Por isto, débese mencionar que, no ano 2023, finalizaron os procesos selectivos das distintas escalas de seguridade e saúde no traballo, que deron como resultado a ocupación como persoal funcionario de carreira da totalidade das prazas técnicas, nas cinco sedes do Instituto, resultado 22 prazas máis respecto a situación anterior do proceso selectivo. Polo tanto, fíxose

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



e acadouse un gran logro en canto ao incremento do persoal técnico e, sen dúbida, haberá que facer un esforzo para que a dotación de medios necesarios para o seu traballo sexa adecuado e suficiente.

A este respecto, cómpre lembrar que o orzamento do Issga para este ano 2025 incrementouse nun 3% en comparación coa anterior anualidade, conformando un total de 7,8 millóns de euros. A este importe, hai que sumarlle o orzamento comportado para as axudas en materia de prevención de riscos laborais, que superará os 2,9 millóns de euros.

Neste eido, seguiremos vixilantes velando pola seguridade e saúde laboral e incidiremos na prevención por medio de campañas de sensibilización, sobre todo, a través da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, aprobado no pasado ano 2023 en consenso unánime coas organizacións sindicais e empresariais galegas.

Desde 2017 ata 2019, obsérvase unha tendencia alcistas de accidentes laborais rexistrados. No ano 2020, obsérvase un descenso, que principalmente se debe ao cese de actividade e, polo tanto, ao descenso de traballadores e traballadoras expostos. Desde o ano 2021 ata o 2023 e co fin da pandemia, aumentan o número de accidentes, manténdose en cifras parellas no conxunto as do ano 2018.

Os datos manifestan os sectores ou actividades que deben ser de actuación prioritaria ou preferente, tanto en campañas de sensibilización como en actuacións de asesoramento técnico, seguimento e control de actuacións preventivas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:22



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25873**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre “**o nivel de sinistralidade laboral en Galicia, as actuacións do Goberno galego nos últimos anos, as súas previsións nesta materia e os recursos con que conta o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso dos interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllese, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunto coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.
- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.
- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.
- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





- Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.
- Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevencións dos ricos laborais é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos ricos laborais, co obxecto de detectar e de previr as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquellas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poden ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándose non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

En canto aos criterios de selección ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31370  
Data envío: 18/08/2025 15:34:11.334

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente co persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construcción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos do EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, tal e como apunta, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:10



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25879** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, a disponibilidade dos pregos de contratación deste servizo e a eventual participación da Xunta de Galicia na consecución dun acordo entre as partes negociadoras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

" O conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, SYC APPLUS, levou á negociación do convenio colectivo da empresa que, con data 22 de novembro de 2024, concluíron as negociacións do convenio colectivo con acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores e traballadoras, publicándose no DOG o pasado mércores, 15 de xaneiro de 2025.

A resolución do 17 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación co convenio colectivo da empresa Supervisión y Control, S.A., con código de convenio 82100012012012, resolveu o seguinte:

- Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistre de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde de 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de novembro).
- Segundo. Dispoñer a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscriviu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Enderezo á publicación no DOG:

[DOG 9 del 15/1/2025 - RESOLUCIÓN de 17 de diciembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación del convenio colectivo de la empresa Supervisión y Control, S.A., código del convenio 82100012012012.](#).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:33:58





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/08/2025 10:39:00  
Nº Rexistro: 32018  
Data envío: 22/08/2025 10:39:00,955  
Data 22/08/2025 10:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25908**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños, sobre “**a transparencia referida ao prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV, o nivel das tarifas aboadas na inspección e a eventual mediación da Xunta de Galicia no conflito laboral xurdido na empresa concesionaria**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

“O conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, SYC APPLUS, levou á negociación do convenio colectivo da empresa que, con data 22 de novembro de 2024, concluíron as negociacións do convenio colectivo con acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores e traballadoras, publicándose no DOG o pasado mércores, 15 de xaneiro de 2025.

A resolución do 17 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación co convenio colectivo da empresa Supervisión y Control, S.A., con código de convenio 82100012012012, resolveu o seguinte:

- Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistre de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde de 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de novembro).
- Segundo. Dispoñer a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscriziu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade.

Enderezo á publicación no DOG: DOG 9 del 15/1/2025 - RESOLUCIÓN de 17 de diciembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación del convenio colectivo de la empresa Supervisión y Control, S.A., código del convenio 82100012012012”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 10:39:00





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25938**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da posibilidade de abordar a construcción dunha variante viaria para conectar o polígono empresarial de Cee co porto de Brens"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible, enmárcanse os investimentos tanto deste ano como desta lexislatura, orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.

Respecto do núcleo urbano de Cee, este atópase entre os puntos quilométricos 0+000 e 3+260 da estrada AC-550 'Cee - Ribeira' e entre os puntos quilométricos 89+250 e 91+110 da estrada AC-552 'A Grela (A Coruña) - Cee'.

De acordo cos datos obtidos dos informe ARENA da Dirección Xeral de Tráfico, non se identifica ningún destes treitos como TCA (treito de concentración de accidentes). En consecuencia, non constan estas estradas, na contorna dos puntos quilométricos do núcleo de Cee, como de alta incidencia en accidentalidade. O listado dos TCA identificados na rede autonómica de estradas pódese consultar na memoria de seguridade vial de cada ano dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.

O tráfico da AC-550 é de 4.772 veh/día entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 2+600. A partir do punto quilométrico 2+600 o tráfico descende aos 2.867 veh/día. Un tráfico destas magnitudes é admisible, xa que moito do mesmo corresponde con tráfico de axitación, interno e propio dun núcleo urbano. Por ter unha referencia, a travesía da AC-552 no mesmo núcleo de Cee rexistra un tráfico de 9.685 veh/día.

Está en redacción o proxecto "Humanización da travesía da AC-552 en Cee", precisamente para que no treito con maior intensidade de tráfico se poida compatibilizar este tránsito coa urbanización das súas marxes e dando seguridade viaria ao tránsito peonil.

No referido ao acceso ao Porto de Brens, está planificado como unha vía de alta capacidade que dará continuidade á VAC da Costa da Morte, servindo de variante da AC-552 e da AC-550 ao seu paso polo núcleo urbano de Cee e de acceso ao porto de Brens.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/08/2025 12:08:12  
Nº Rexistro: 32031  
Data envío: 22/08/2025 12:08:12.071

Neste censo, estase a traballar para materializar a PROLONGACIÓN DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE. TREITO SANTA IRENA – AC-432, onde se iniciou o perido de exposición pública o 27/06/2025.

Na planificación da Xunta de Galicia está continuar coa obra de prolongación da Autovía da Costa da Morte, sendo o seguinte o treito dende a AC-432 ata Berdoias, para completar os 16,46 Km de nova vía entre Baio e Berdoias, e despois avanzarase con novos treitos para completar o eixo por fases, como se está a actuar nas diferentes vías de alta capacidade que está a promover a Xunta de Galicia: autovía do Morrazo, autovía Ramallosa – A Estrada, autovía Tui – A Guarda, autovía Nadela – Sarria, etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:11





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 13:56:17  
Nº Rexistro: 31897  
Data envío: 21/08/2025 13:56:17.836  
Data 21/08/2025 13:56:17.836

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25952**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre “**o criterio e as previsóns que ten a Xunta de Galicia respecto das obras de ampliación do porto deportivo de Baiona e a pertinencia dun novo estudo de impacto ambiental**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MAR**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkYzRhNzcy&start=16989.867](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkYzRhNzcy&start=16989.867)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:17





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/08/2025 12:08:06  
Nº Rexistro: 32030  
Data envío: 22/08/2025 12:08:06,625  
Data 22/08/2025 12:08

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25990**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da posibilidade de abordar a construcción dunha variante viaria para conectar o polígono empresarial de Cee co porto de Brens"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible, enmárcanse os investimentos tanto deste ano como desta lexislatura, orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.

Respecto do núcleo urbano de Cee, este atópase entre os puntos quilométricos 0+000 e 3+260 da estrada AC-550 'Cee - Ribeira' e entre os puntos quilométricos 89+250 e 91+110 da estrada AC-552 'A Grela (A Coruña) - Cee'.

De acordo cos datos obtidos dos informe ARENA da Dirección Xeral de Tráfico, non se identifica ningún destes treitos como TCA (treito de concentración de accidentes). En consecuencia, non constan estas estradas, na contorna dos puntos quilométricos do núcleo de Cee, como de alta incidencia en accidentalidade. O listado dos TCA identificados na rede autonómica de estradas pódese consultar na memoria de seguridade vial de cada ano dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.

O tráfico da AC-550 é de 4.772 veh/día entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 2+600. A partir do punto quilométrico 2+600 o tráfico descende aos 2.867 veh/día. Un tráfico destas magnitudes é admisible, xa que moito do mesmo corresponde con tráfico de axitación, interno e propio dun núcleo urbano. Por ter unha referencia, a travesía da AC-552 no mesmo núcleo de Cee rexistra un tráfico de 9.685 veh/día.

Está en redacción o proxecto "Humanización da travesía da AC-552 en Cee", precisamente para que no treito con maior intensidade de tráfico se poida compatibilizar este tránsito coa urbanización das súas marxes e dando seguridade viaria ao tránsito peonil.

No referido ao acceso ao Porto de Brens, está planificado como unha vía de alta capacidade que dará continuidade á VAC da Costa da Morte, servindo de variante da AC-552 e da AC-550 ao seu paso polo núcleo urbano de Cee e de acceso ao porto de Brens.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/08/2025 12:08:06  
Nº Rexistro: 32030  
Data envío: 22/08/2025 12:08:06.625

Neste censo, estase a traballar para materializar a PROLONGACIÓN DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE. TREITO SANTA IRENA – AC-432, onde se iniciou o perido de exposición pública o 27/06/2025.

Na planificación da Xunta de Galicia está continuar coa obra de prolongación da Autovía da Costa da Morte, sendo o seguinte o treito dende a AC-432 ata Berdoias, para completar os 16,46 Km de nova vía entre Baio e Berdoias, e despois avanzarase con novos treitos para completar o eixo por fases, como se está a actuar nas diferentes vías de alta capacidade que está a promover a Xunta de Galicia: autovía do Morrazo, autovía Ramallosa – A Estrada, autovía Tui – A Guarda, autovía Nadela – Sarria, etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:06





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31365  
Data envío: 18/08/2025 15:31:33,233  
Data 18/08/2025 15:31

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25995**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona María Elena Espinosa Mangana sobre **"a información que prevé trasladar o Goberno galego en relación cos resultados da visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á fábrica de Sargadelos e as súas previsións sobre o futuro desta empresa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

" A visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á planta de Cervo está enmarcada nos contactos que está a manter a Xunta de Galicia coa dirección de Sargadelos. Neste caso, tratouse dunha visita interna ás instalacións da planta.

O Goberno galego remarca a súa vontade para facilitar a implantación das medidas que corrixe as deficiencias detectadas a raíz da inspección, dándolle prioridade á saúde dos traballadores e traballadoras, atendendo coa máxima sensibilidade legal as singularidades dun edificio catalogado como BIC.

Non obstante, cómpre trasladar que a análise técnica sinala que o subsanamento destas eivas é perfectamente compatible co mantemento da actividade. A colaboración da Xunta irá sempre da man de garantir a continuidade da planta e o respecto dos dereitos laborais do persoal.

Neste sentido, a Xunta está a traballar con seriedade, discreción e rigor, e apelando á responsabilidade de todas as partes para atender, con todas as garantías, o futuro dos traballadores e traballadoras e o da propia planta de Cervo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:31:32





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:16:24  
Nº Rexistro: 31760  
Data envío: 20/08/2025 12:16:24.002  
Data 20/08/2025 12:16:24.002

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26087**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"o grao de cumprimento da normativa que regula as distancias das novas plantacións forestais respecto da rede viaria e a súa posible modificación no que atinxe ás especies máis problemáticas en caso de grandes incendios"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia o control da biomasa nas marxes das estradas é un reto para todas as administracións, polo rápido crecemento da vexetación, tanto árbores como arbustos e herbáceas. E cando este control é moi importante para:

Ter libre o tránsito en beiravías e beirarrúas.

Visibilidade axeitada da sinalización e da propia estrada nas curvas.

Alonxar aos animais das estradas.

Manter en bo estado o valado perimetral nas vías de alta capacidade.

Evitar caídas de árbores nos temporais.

Que as estradas fagan a labor de cortalumes, de acordo coa normativa na materia (son faixas primarias).

A Xunta de Galicia é pioneira na intensificación da súa labor de xestión da biomasa nos marxes das estradas, levánto moito máis alá da sega da marxe da calzada, con tres iniciativas:

Deixáronse de aplicar os herbicidas, salvo casos puntuais relativos á eliminación de especies invasoras.

Dende o ano 2018 lévanse investidos algo máis de 13 M€ en tala e roza de Dominio Público en colaboración coa empresa pública Seaga, para cumprimento da normativa de incendios e para evitar caída de arborado a Dominio Público Viario.

E ademais, buscando máis efectos positivos, comezouse a aplicar unha estratexia de "Estradas Verdes", cun proxecto piloto en todas as VAC do Morrazo e que se está a estender xa á AG-59 e que se vai continuar estendendo.

Esta iniciativa pioneira comezouse, como se indicou, nas VAC do Morrazo, onde dende o 2023 se ven procedendo á:

#### **Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:16:24  
Nº Rexistro: 31760  
Data envío: 20/08/2025 12:16:24.002

Eliminación das especies exóticas invasoras mediante combinación de métodos mecánicos e químicos: destoconado, arrincado de raíces e aplicación de produtos químicos.

Implantación e estabilización dunha cuberta vexetal de herbáceas mediante hidrosementeira, para cubrir rapidamente o chan e impedir rebrotes e xerminación das especies invasoras. Tamén se pode contemplar a posibilidade de cubrir determinadas superficies con mantas antiherbas (compatible con plantación).

Plantacións ou reforestación con especies arbóreas de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa consolidada a medio prazo que impida o establecemento das especies invasoras.

Traballos de mantemento e consolidación, polo menos nos primeiros anos, que inclúen desbroces, eliminación de rebrotes, reposición de plantas, etc.

Eliminación de especies como o Carrizo da Pampa, Acacias e Eucaliptos, e plantaranse pradairos, carballos, abeleiros ou freixos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:23



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26100**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Luis Bará Torres, sobre “**as previsións do Goberno galego no que concirne á planificación e á actualización da lexislación respecto da minaría en Galicia**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A maior parte das comunidades autónomas non teñen norma propia de minas. De feito, Baleares e Galicia son as únicas que si teñen, polo que non ten sentido unha maior lexislación a través dun desenvolvemento regulamentario cando a realidade é que a normativa de minas é tremenda extensa.

Por outra parte, os concursos de dereitos xa se están a vincular ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial e ao peche de ciclos na Comunidade Autónoma. Así, nos concursos publicados a principios de ano nas catro provincias estableceronse como criterios de baremación a racionalización e ordenación mineira (para supostos de continuidade do recurso) e o compromiso de implantación dun plan industrial para o peche da cadea de valor sobre o recurso ou recursos que se poñan de manifesto, con carácter vinculante á solicitude de pase a concesión de explotación.

De igual forma, cómpre sinalar que existe o imposto compensatorio ambiental mineiro, imposto directo, real e obxectivo, establecido pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, que ten como feito imposible a alteración da superficie ou só como consecuencia da extracción a partir das concesións de explotación de minerais metálicos e metais preciosos, así como o depósito ou almacenamento en entelleiras públicas ou privadas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de residuos mineiros procedentes da extracción anterior. Os seus ingresos destinaranse a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, paisaxísticas e de desenvolvemento tecnolóxico mineiro.

Por outra banda, recuperouse a figura do Consello da Minería de Galicia, que ten como funcións as previstas na Lei de ordenación da minería de Galicia.

Na modificación de 2024, os criterios para determinar a composición e, por exemplo, incluír determinados centros directivos da Administración autonómica ou asociacións foron a súa relación directa coa minaría (agas minerais, sector dos balnearios, materiais cerámicos, etc.) e pola súa vinculación co eido económico e industrial (sindicatos, asociacións empresariais, etc.). É dicir, tívose en conta as competencias das mesmas en relación coas funcións a desempeñar no Consello.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31364  
Data envío: 18/08/2025 15:31:27.483

De feito, cómpre lembrar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha emenda no sentido que reclaman as entidades ecoloxistas á Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:31:27





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 13:56:12.138  
Nº Rexistro: 31896  
Data envío: 21/08/2025 13:56:12.138  
Data 21/08/2025 13:56:12.138

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26106**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre “**a información que prevé facer pública a Xunta de Galicia en relación coa ampliación do porto deportivo de Baiona e a prorroga da súa concesión á empresa Nauplia Capital**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkYzRhNzcy&start=16989.867](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkYzRhNzcy&start=16989.867)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:11



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26121**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre "**o grao de cumplimento dos prestadores do servizo de transporte público por estrada no que atinxe ás súas obrigas relativas á accesibilidade das persoas con mobilidade reducida**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Coa licitación das concesións de autobús interurbano do Plan de transporte público de Galicia, a Xunta de Galicia incrementou as esixencias de accesibilidade na prestación dos servizos fixadas na normativa estatal.

O Anexo IV do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, establece que, nos servizos cuxo itinerario discorra integralmente dentro dunha comunidade autónoma e dispoñan de dez ou máis vehículos adscritos, como mínimo o 10% destes deberá cumplir cos requisitos de accesibilidade para a súa utilización por parte de persoas con mobilidade reducida.

Os pregos de condicións dos contratos do PTPG melloran a citada esixencia lega, xa que esixen que, como mínimo, o 10% dos vehículos adscritos a cada concesión estean adaptados para persoas con mobilidade reducida, sen o antedito límite mínimo do número total de vehículos adscritos ao servizo.

Ademais, ten a consideración de condición esencial do contrato a prestación dun número de circulacións diárias con vehículos adaptados nunha porcentaxe igual ou superior ao 10% do total de circulacións diárias, segundo o ofertado polo licitador.

Así mesmo, na contratación, a Xunta promoveu a mellora das ditas condicións por parte dos operadores nas súas ofertas. Así, logrouse que máis do 50% dos vehículos adscritos ao transporte interurbano en toda a comunidade son accesibles, máis de 5 veces o mínimo fixado na normativa estatal.

Que a maioría dos vehículos adscritos sexan autobuses adaptados para a súa utilización por parte de persoas con mobilidade reducida supón que á semana cando menos dúas de cada tres circulacións se realizan con vehículos accesibles, o cal facilita con carácter xeral a accesibilidade das persoas usuarias do servizo.

Ademais, as persoas usuarias poden solicitar que os operadores presten un determinado servizo con vehículos accesibles realizando a petición a través da atención telefónica do servizo de Baixo Demanda.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Para asegurar as condicións de accesibilidade establecidas, a Xunta vixía o cumprimento das obrigas contractuais por parte dos operadores. No caso de detectar incumplimientos, os pregos de condicións establecen as penalidades contractuais correspondentes aos ditos incumplimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:31:09





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31359  
Data envío: 18/08/2025 15:30:58,200  
Data 18/08/2025 15:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26166**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Carlos López Font, sobre **"as necesidades de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

"A oferta existente no Baixo Miño abarca tanto as interaccións entre os municipios da comarca como as conexións con Vigo, e en especial coa Universidade e os hospitais. Na área que integra os concellos da Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui funcionan 62 liñas que atenden máis dun milleiro de paradas e nas que se prestan más de 35.100 servizos ao ano.

É un feito a continua adaptación do servizo a unha realidade cambiante, con axustes nos horarios e percorridos para dar o mellor servizo, especialmente a estudantes e traballadores. Así o demostran os cambios efectuados con motivo da época de exames e para dar resposta ao incremento da demanda a primeira hora da mañá entre A Guarda e Vigo, entre outros, e que son resultado do seguimento continuo dos servizos e de escoita aos usuarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

[Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:30:57



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26191**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre “**a valoración que realiza o Goberno galego da convocatoria da Conferencia de Presidentes prevista para o 6 de xuño en Barcelona**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral número 26190, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 11 de xuño de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkJzRhNzcy&start=11924](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkJzRhNzcy&start=11924)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkJzRhNzcy&start=12232”.](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLThmN2QtMGRLNmVkJzRhNzcy&start=12232)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:30:46





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31356  
Data envío: 18/08/2025 15:30:41.071  
Data 18/08/2025 15:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26194**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e dona Iria Carreira Pazos, sobre “**a situación e as necesidades dos servizos de transporte público por estrada que se desenvolven no concello de Arzúa e as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa súa mellora**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén inalterable o seu compromiso coa mellora continua do sistema de transporte público por estrada de competencia autonómica.

A conexión entre o núcleo urbano de Arzúa e o concello de Santiago de Compostela ofrecese actualmente a través de 5 liñas, con 8 expedicións diarias de luns a venres (10 en tempada lectiva), 4 os sábados e 5 os domingos no sentido de ida. No sentido de regreso, ofrécense 9 servizos de luns a venres (11 en tempada lectiva), 5 os sábados 4 os domingos.

Indicar que a Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG) xa está plenamente operativa no concello de Arzúa, ao igual que os programas de bonificación do 100% do importe das viaxes para mozos e mozas menores de 21 anos (Xente Nova) e para persoas maiores de 65 anos (+65), cun tope en ambos casos de 60 viaxes ao mes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:30:40



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26255**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego verbo da publicación na páxina web do Igape do proxecto subvencionado ao Real Club Celta de Vigo en 2023 e os criterios exixidos para a súa concesión, así como a relación dos integrantes do órgano avaliador e o sistema de avaliación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"A axuda concedida ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. en 2023 inscríbese no Programa de Infraestruturas Estratégicas Abertas, unha liña do Igape orientada a apoiar investimentos promovidos por grandes empresas galegas para a creación de infraestruturas de uso compartido, abertas ao tecido empresarial e ao conxunto da sociedade, e cun potencial claro de impacto positivo sobre a contorna económica.

Neste contexto, a proposta presentada polo Real Club Celta foi avaliada e seleccionada nun procedemento de concorrencia competitiva, cumplindo cos requisitos técnicos e os criterios de selección recollidos nas bases reguladoras do programa, aprobadas mediante Acordo do Consello de Dirección do Igape en xullo de 2022.

A proposta do Celta trátase dun investimento que incorpora espazos tecnolóxicos, servizos especializados e recursos que poderán ser empregados por outras entidades, co compromiso de garantir o acceso aberto, transparente e non discriminatorio a ditas instalacións.

O proxecto foi validado polos órganos técnicos de avaliación e alcanzou unha puntuación que lle permitiu acceder á subvención máxima prevista, correspondente ao 60% do investimento subvencionable (2.500.000€ sobre 4.166.666,67€). Entre os gastos elixibles atópanse partidas de obra civil, equipamento técnico e activos intanxibles directamente relacionados coa actividade prevista.

Cómpre subliñar que a convocatoria establece como obxectivo favorecer a modernización da base industrial e o desenvolvemento de contornas empresariais a través da colaboración público-privada.

A achega ao Real Club Celta de Vigo foi concedida neste marco, como a outras empresas tractoras de Galicia, cun seguimento estrito dos principios de concorrencia, publicidade e avaliación técnica.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



A información relativa ao proxecto foi publicada no DOG e no portal de transparencia do Igape, e o prazo de execución foi ampliado ata marzo de 2025 de acordo co previsto nas bases, debido aos prazos administrativos e á natureza estratégica do investimento.

En definitiva, a subvención responde ao marco normativo vixente, aos obxectivos definidos na convocatoria e aos principios de interese económico xeral que orientan este tipo de programas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:05





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26258**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre “**a eficiencia da Oficina Económica de Galicia dada a súa actividade e a evolución do tecido empresarial galego, a posible redundancia de funcións coa Oficina de Coordinación Económica e as demais medidas do Goberno galego para reverter a evolución do índice de producción industrial**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A Oficina Económica de Galicia ofrece unha nova forma de relacionarse co tecido produtivo galego, actuando como unha ferramenta ao seu servizo que ten como obxectivo fundamental acompañar ás empresas en todo o ciclo de vida dos seus proxectos, facilitando a implantación, desenvolvemento e consolidación de iniciativas empresariais no noso territorio.

Desde a súa posta en marcha en abril de 2024, esta oficina ten atendido xa máis de 22.600 consultas empresariais –das cales o 85% resolvéreronse no acto– e mantido máis de 1.000 reunións presenciais con empresas, ás que se suma o asesoramento personalizado a proxectos de especial relevancia en sectores clave para Galicia. Estes datos avalan, sen dúbida, a súa utilidade e grao de actividade.

A Oficina Económica de Galicia conta con persoal propio, recursos humanos coñecedores da realidade empresarial, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes. Ademais, de forma complementaria, a Oficina dispón dunha rede de colaboradores externos especializados para a prestación de servizos de asesoramento experto en ámbitos clave como o financeiro, negocio e operacións ou innovación e enerxía, entre outros, incorporando tamén capacidades novas como a avaliación de proxectos en clave de adaptación climática ou o apoio a sectores emergentes.

A Oficina funciona como unha canle única de atención para as empresas e a industria, ofrecendo información centralizada, asesoramento personalizado e acompañamiento integral para a posta en marcha de proxectos. Grazas a este enfoque, estase a facilitar a implantación de novas iniciativas empresariais e industriais, reducindo trámites burocráticos e achegando unha resposta ágil e útil ao tecido produtivo galego.

A Oficina é un instrumento dinámico, que medra segundo as necesidades. Xa está previsto un punto de atención permanente en Madrid, para reforzar a atracción de investimentos nacionais e internacionais. Tamén un novo servizo especializado

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



centrado en proxectos vinculados coa defensa, a seguridade e o sector aeroespacial, como parte da nova Estratexia galega de Aeroespazo, Seguridade e Defensa. E no marco da nova política arancelaria dos Estados Unidos, púxose en marcha unha oficina de asesoramento técnico con servizos especializados en contacto coa antena do Igape en Miami.

En definitiva, a actividade desenvolvida e o volume de atención prestada no seu primeiro ano de funcionamento acreditan que a Oficina Económica de Galicia responde a unha necesidade real do tecido empresarial, e está a exercer un papel activo na dinamización económica do país, ofrecendo soporte técnico e especializado aos proxectos que queren medrar e consolidarse en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:16:51





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31354  
Data envío: 18/08/2025 15:30:29,244  
Data 18/08/2025 15:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26283**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre “**os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercusións para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

“A decisión do Goberno central de deixar A Gudiña sen conexión con Madrid antes das 12,00 horas, tras suprimir dende o 9 de xuño os trens directos das 08,28 e 09,14 horas; supón un novo paso atrás na vertebración de Galicia ao eliminar opcións de mobilidade no rural.

Esta decisión non se sustenta en criterios técnicos nin de poboación afectada, porque noutras zonas coas mesmas características mantéñense as paradas.

Renfe e o Goberno Central confirmaron que non reporán as paradas eliminadas. Escúsanse nunha falta de demanda desoindo as demandas do Goberno galego e das persoas usuarias.

Esta situación non fai más que subliñar e apuntalar as diferencias de trato entre a cidadanía e fomentar a desigualdade entre territorios, favorecendo a uns núcleos en detrimento doutros. Por iso, dende a Xunta seguiremos demandando a recuperación das paradas eliminadas e un servicio de calidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)

110554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNNS  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
18/08/2025 15:30:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:30:28





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 12:34:29  
Nº Rexistro: 31864  
Data envío: 21/08/2025 12:34:29,452  
Data 21/08/2025 12:34

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26360**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre “**a política prevista polo Goberno galego para dotar de semente de moluscos as rías con problemas de producción e as súas intencións respecto da recuperación e xestión do minicriadeiro de Camariñas**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de abril de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 6449, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZTk5MWM1YWUtNWEyNS00MzVmLTg3OTYtYTdkOTc4NTQ4YWM3&start=5726.  
046](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTk5MWM1YWUtNWEyNS00MzVmLTg3OTYtYTdkOTc4NTQ4YWM3&start=5726.046)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a política prevista polo Goberno galego para dotar de semente de moluscos as rías con problemas de producción e as súas intencións respecto da recuperación e xestión do minicriadeiro de Camariñas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

[Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:34:29





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26369**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos e a inclusión de criterios de reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable dos aeroxeradores substituídos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"No proceso de descarbonización e transición enerxética, o abandono dos combustibles fósiles e a apostar polas enerxías renovables resulta fundamental.

No eido da xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, Galicia é unha potencia grazas á enerxía eólica e á enerxía hidroeléctrica.

Non obstante, o feito de ser un territorio pioneiro na instalación de parques eólicos motivou un importante desenvolvemento do sector nun primeiro momento, pero que tamén supón:

- Que as zonas con mellor recurso eólico xa están ocupadas.
- Que estas zonas teñen parques antigos que non resultan os más eficientes a día de hoxe.
- E que moitos parques estean próximos ao fin da súa vida útil.

Así, a modo resumo, estableceuse, a través dunha modificación lexislativa na lei de medidas, a obriga de repotenciar os parques dunha determinada antigüidade co fin de:

- Aumentar a seguridade industrial das instalacións.
- Conseguir unha maior producción de enerxía coa mesma potencia instalada grazas ás novas tecnoloxías.
- Reducir significativamente o número de aeroxeradores no territorio.
- E todo iso, no novo marco enerxético definido pola lei de recursos naturais.

Grazas a esta medida, garántese a viabilidade técnica ou económica da actuación xa que, excepcionalmente, de ser necesario, o promotor pode solicitar de forma xustificada uns prazos superiores de inicio ou de execución das obras, xustificación que sería analizada pola Administración para a súa eventual validación.

Pero é que ademais, con carácter xeral, a obriga suporá a diminución do número de aeroxeradores por ter unha maior potencia. Non obstante, haberá casos nos que esa redución non se poida facer xa que suporía unha maior afección ambiental por incrementar os viarios de acceso ou outros motivos.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31351  
Data envío: 18/08/2025 15:30:08,536

Deste xeito, a repotenciación:

- Reducirá o impacto no territorio e no medio ambiente dos parques eólicos.
- Procurarase unha redución á cuarta parte dos aeroxeradores existentes, salvo que as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita alcanzar a devandita porcentaxe.
- Terá que axustarse ao disposto na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- Aumentará a producción entre e 20 e un 40% con respecto á producción actual. Se os investimentos anteriores xa foron rendibles, estas o serán aínda máis.

Ademais, non se pode obviar que a repotenciación impulsará toda a cadea de valor, e aí a Xunta de Galicia tamén colaborará para fomentar unha industria derivada da reciclaxe das pas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:30:08



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26372**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Carmela González Iglesias, don Daniel Castro García, don Daniel Pérez López e don Paulo Ríos Santomé, sobre “**a valoración e as actuacións da Xunta de Galicia ante os pasos que está a dar o Goberno central respecto da implantación de instalacións de enerxía eólica no mar**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“Galicia pode ser un referente en xeración e loxística industrial de eólica mariña, traccionando toda a cadea de valor. Conta con todos os elementos necesarios para aproveitar unha oportunidade e xerar unha potente industria na eólica mariña.

De feito, Navantia xa está a fabricar jackets ou estruturas de fixación para parques eólicos mariños doutros países, e son un claro exemplo das posibilidades que temos en Galicia.

Ademais, contamos con instalacións portuarias punteiras e aptas para a industria do sector.

En calquera caso, por mor da profundidade dos nosos mares a tecnoloxía de eólica mariña que se desenvolverá en España será do tipo flotante, respecto da cal o seu grao de desenvolvemento e coñecemento, a día de hoxe, é máis limitado que o da tecnoloxía fixa, polo que é preciso dar pasos firmes pero sempre desde unha óptica de garantir a coexistencia e compatibilidade co medio mariño.

Porque a postura da Xunta de Galicia é que o desenvolvemento da eólica mariña pasa por unha implantación ordenada e dun xeito que sexa o máis garantista para todos.

A Xunta de Galicia considera que a maneira correcta de avanzar na eólica mariña pasa por un diálogo claro onde os sectores afectados poidan facer as súas achegas. Por iso, se puxo en marcha o Observatorio da Eólica Mariña de Galicia, unha iniciativa acollida con satisfacción polo Parlamento Europeo para detectar oportunidades e para conciliar usos do mar. De feito, levamos dous anos e medio de retraso no desenvolvemento da folla de ruta e non se debe obviar que ante o recurso contencioso presentado pola Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños contra o Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, non motivou a anulación da norma.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Por iso, a Xunta considera que Galicia pode chegar a ser un referente na eólica mariña, e ademais desa postura dun necesario diálogo temperá, para iso a Xunta ten previsto desenvolver a plataforma experimental de Punta Langosteira. Un proxecto que permitirá garantir esta compatibilidade e resultará fundamental para:

- Asegurar un desenvolvemento adecuado desta nova tecnoloxía.
- Que os tecnólogos poidan testar os seus modelos.
- Constituir a punta de lanza do Polo de innovación.
- Facer públicos os datos das afeccións que a eólica mariña pode ter no medio natural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:16:38





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31540  
Data envío: 19/08/2025 16:16:26,323  
Data 19/08/2025 16:16

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26551**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre “**a sentenza do Tribunal Supremo do 8 de maio de 2025 relativa ao dereito á participación política e o nivel de resposta da Xunta de Galicia ás demandas de información do Parlamento de Galicia realizadas pola vía do artigo 9 do Regulamento**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego non é parte no procedemento xudicial que deu lugar á sentenza de protección xurisdiccional de dereitos fundamentais ao que se fai referencia na pregunta. Polo tanto, as consideracións sobre este pronunciamento en relación co dereito fundamental á participación política atinxeñ ao Goberno que incorre nas prácticas que son obxecto do reproche na sentenza.

O desempeño do Goberno galego é substancialmente distinto. A pasada lexislatura pechouse coa contestación de 1.235 solicitudes de datos, o 86,6% das formuladas polos grupos parlamentarios. No primeiro ano e medio que levamos da actual lexislatura xa se atenderon 660 solicitudes, cunha taxa de resposta que acada xa o 81%. Son datos obxectivos que desbotan calquera tipo de equiparación que se pretenda co desempeño do Goberno central en materia de transparencia que a mencionada sentenza vén de cuestionar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

[Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:16:25





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31348  
Data envío: 18/08/2025 15:16:03,509  
Data 18/08/2025 15:15

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre “**a situación do transporte ferroviario na comarca de Ferrol e as demandas que prevé realizar a Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar a súa modernización**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego leva moito tempo reclamando ao Goberno central o impulso da necesaria modernización da liña ferroviaria A Coruña-Ferrol, empezando polo baipás Betanzos-Infesta, para ter un transporte ferroviario convencional e de alta velocidade axeitado, e o desenvolvemento da estación intermodal, pendente de que se asine o correspondente convenio entre administracións.

A inclusión da rede A Coruña-Ferrol e o porto de Ferrol no Plan Director do Corredor Atlántico Noroeste de Mercadorías e a mellora da infraestrutura e do servizo de tren de vía estreita son outras das reivindicacións recorrentes trasladadas ao Goberno central por parte da Administración autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:16:03





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31346  
Data envío: 18/08/2025 15:15:50,398  
Data 18/08/2025 15:15

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26730**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre “**o estado en que está a liña de alta tensión que une as subestacións de Sarria e Monforte de Lemos e as medidas que tomou ou prevé tomar a Xunta de Galicia para evitar incidencias por defectos de mantemento**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En relación co coñecemento previo do estado da instalación á que fai referencia a pregunta, a Consellería de Economía e Industria, incluído o seu Departamento Territorial en Lugo, non tiña constancia de posibles deficiencias no seu mantemento nin que, como consecuencia delas, se tivera producido incidente algúin, particularmente os citados na pregunta.

Consecuentemente, cómpre sinalar que non consta a existencia de feitos nin reclamacións ao respecto desta liña.

En calquera caso, e unha vez postos de manifesto, de cara a definir ulteriores actuacións, xa se solicitou á operadora da rede de distribución a achega da información rexistrada sobre calquera suceso ocorrido na liña.

Neste sentido, e dado que a liña discorre nalgúnha zona na que existen especies arbóreas de rápido crecemento, a operadora indica que realizará algunha actuación adicional ás do Plan 2025, para comprobar se é preciso realizar tarefas adicionais de tala e poda, para evitar que o contacto puntual das ramas coa liña poida afectar á continuidade da subministración, aínda que na última verificación periódica regulamentaria da liña non se detectou ningunha situación que fose preciso corrixir de xeito urxente.

Cómpre recordar que, sen prexuízo das actuacións de oficio que está a acometer a Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria ten habilitado o procedemento IN635A Reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, onde os administrados poden denunciar calquera situación irregular”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:50



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26754**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as accións que prevé poñer en marcha o Goberno galego para a inserción no mercado laboral das mulleres galegas retornadas e a súa postura ante a posibilidade de crear unha axuda específica para as maiores de 50 anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia Galicia Retorna xa incorpora a perspectiva de xénero, e busca atraer galegos e galegas residentes no exterior, tanto os emigrantes coma os seus descendentes, así como ofrecer e procurarllles unha cobertura integral das súas necesidades básicas e facilitar a súa integración educativa e laboral. Ademais, busca analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o momento do retorno.

Entre as súas liñas de actuación, atópanse as seguintes:

- Informar, asesorar e colaborar coas persoas galegas retornadas no momento da súa volta a Galicia.
- Intensificar o apoio integral ás familias no retorno, acadando a súa plena integración no menor tempo posible.
- Fomentar o retorno das familias galegas mediante o apoio á natalidade, á conciliación, á integración da mocidade e a súa continuidade educativa.
- Facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas promovendo a súa formación e integración no mercado laboral, e dando a coñecer as medidas específicas para acadala.
- Promover o autoemprego e a creación de pemes por parte dos retornados e retornadas galegos, especialmente no ámbito rural.
- Atraer e reter o talento dos traballadores e traballadoras galegas residentes no exterior de cara a potenciar a competitividade do tecido produtivo da nosa terra.
- Potenciar o retorno de empresarios e grandes investidores do exterior ofrecéndolles oportunidades de inversión na Galicia territorial.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



En relación a estrutura da Estratexia, conta coas seguintes áreas: *Área de Asesoramento, Seguimento, Coordinación e Control; Área laboral; Área educativa e Área Social.*

No tocante ao retorno das mulleres, dentro da *Área social*, o obxectivo 7 indica o seguinte: *atender ás familias galegas retornadas en situación de vulnerabilidade para a consecución da súa plena integración*. Dentro desta, atópanse as seguintes medidas:

- **MEDIDA 18.** Atender de forma integral ás mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero a través de recursos residenciais de acollida temporal e dos non residenciais.
- **MEDIDA 19.** Facilitar o acceso das mulleres retornadas víctimas de violencia de xénero ás prestacións ás que teñen dereito.

Dentro da *Área laboral*, o obxectivo 25 indica o seguinte: *promover o autoemprego, a integración laboral por conta allea e a creación de pemes por persoas galegas retornadas*. Dentro desta, atópase a seguinte medida:

- **MEDIDA 75.** Promover o autoemprego e a creación de empresas por persoas galegas retornadas, a través de axudas ao retorno emprendedor, coas que os beneficiarios poderán ter unha aportación de ata 10.000 euros, incentivando a creación de empresas por mulleres e nos concellos rurais.
- **MEDIDA 77.** *Programa Emega* - comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres e a favorecer a conciliación familiar e dar acceso aos servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. Dentro deste programa pódense atopar distintas liñas de axuda: *Emprende, Innova, Activa, ITEF, Concilia e Dual*.

Este programa promove o regreso de máis de 30.000 galegos e galegas, lograr que o 60% dos que retornen, unhas 18.000 persoas, teñan menos de 45 anos, contribuíndo a rexuvenecer a poboación galega.

Dita estratexia de recuperación da poboación galega conta cun orzamento de máis de 50 millóns de euros soamente en medidas específicas, con máis de 400 millóns de euros en medidas transversais que inclúen incentivos adicionais para os retornados e retornadas”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:32





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31341  
Data envío: 18/08/2025 15:15:20.018  
Data 18/08/2025 15:15

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26784**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre “**o obxectivo da recepción do Goberno galego e da Presidencia do Parlamento de Galicia ao representante da embaixada de Israel coincidindo coa situación actual en Palestina**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ten como proceder habitual recibir aos representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional.

O Goberno galego valorou o encontro como relevante, entre outros motivos, para trasladar a Israel o seu posicionamento sobre o conflito. De feito, entre outros aspectos, o representante da Xunta de Galicia transmitiu o rexeitamento ao estado da situación humanitaria que se vive na Faixa e avogou por unha solución urgente para este drama”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:19





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31538  
Data envío: 19/08/2025 16:16:10.811  
Data 19/08/2025 16:16

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, número 26874, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre “**as carencias na accesibilidade ao Hospital Piñor, no concello de Barbadás, por medio do transporte público e as previsións que ten o Goberno galego canto ao seu reforzamento**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A oferta actual de servizos de autobús entre Ourense e o Hospital de Piñor facilita os desprazamentos en transporte público a ese centro con frecuencias e horarios adecuados á situación actual.

Entre a cidade e o hospital funcionan 9 liñas que ofrecen 13 servizos de ida (Ourense-Barbadás) que permiten chegar ao hospital desde as 07:40h ás 21:40h, e 14 servizos de volta (Barbadás-Ourense), con saídas do hospital desde as 08:00h ás 22:07h. Tamén as fins de semana funcionan ao longo do día 5 servizos en cada sentido os sábados e 4 os domingos.

Coa configuración vixente dos horarios, a cidadanía pode desprazarse ao hospital en autobús con frecuencias adecuadas e o persoal conta con opcións de transporte público en todos os cambios de quenda de luns a domingo.

O Goberno galego está sempre aberto a estudar a mellora do sistema de transporte público por estrada de competencia autonómica. Desde a segunda metade de 2024, a Xunta de Galicia e os concellos da área de Ourense veñen traballando convxuntamente no desenvolvemento da área de transporte metropolitano de Ourense. Dado que se atopa en licitación o transporte urbano de Ourense, en canto sexa posible retomar o desenvolvemento da ATM de Ourense avaliaranse as posibilidades de optimizar os servizos ao Hospital de Piñor para asegurar unha coordinación eficiente do transporte público na área metropolitana”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:16:10





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31339  
Data envío: 18/08/2025 15:15:07.109  
Data 18/08/2025 15:14

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26921**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“a valoración que realiza o Goberno galego da situación actual na franxa de Gaza”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A postura do Goberno galego sobre este conflito é claro desde o primeiro momento. Así, rexeita os ataques perpetrados polo grupo terrorista Hamás do 7 de outubro de 2023, avoga pola apertura de corredores humanitarios, que permitan a chegada da axuda á poboación civil sen obstáculos, polo cese das actividades militares en contra da poboación civil, pola negociación dun alto o fogo entre as partes, pola liberación dos reféns israelís e dos presos palestinos e por evitar unha escalada rexional do conflito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

[Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:06





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26943**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre “**as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego no que atinxe á dragaxe do río Lérez**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecológica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comarca e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizante a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como “alternativa prioritaria”. Tamén introducía como novedade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá “verterse indistintamente na zona D ou na E8” e engade que “sería adecuado proponer un enfoque individual en cada proxecto”.

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudio de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudios de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudio de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a “inexplicable” desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar os áridos das dragaxes previstas”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:34:21





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27109**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os datos da execución do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas con código de procedemento VI435B nos anos 2024 e 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

**"- Cantas actuacións foron subvencionadas na anualidade 2024 ao abeiro deste programa?**

Concedéronse 225 axudas para un total de 1.529 vivendas.

Importe concedido: 10.003.178,20 euros.

**- A que se deben as modificacións de crédito vixente respecto do inicial orzamentado?**

O crédito da convocatoria era insuficiente para atender toda a demanda presentada, polo que se ampliou con fondos remanentes da convocatoria de 2023 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas, destinado ao mesmo fin.

**- A que se ían destinar esos recursos?**

Como xa se indicou na pregunta anterior o importe co que se ampliou a dotación orzamentaria da convocatoria do 2024 do Programa de mellora da accesibilidade procede de remanentes do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas da convocatoria realizada en 2023.

**- Por que a execución orzamentaria final foi inferior ao crédito vixente dispoñible?**

A convocatoria establece dúas anualidades (2024 e 2025) con fondos asignados a cada unha delas. Ademais, dentro de cada anualidade hai fondos asignados a axudas para persoas físicas e persoas xurídicas.

Na anualidade 2024 esgotouse o crédito correspondente a persoas físicas, polo que non foi posible conceder máis axudas.

**- Considera a Xunta de Galicia que a concorrencia non competitiva é o modelo más xusto para outorgar estas axudas? Considera a Xunta de Galicia modificar as bases para estudar os casos de forma individualizada e establecer unha orde de prioridades das actuacións subvencionables?**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





O procedemento garante que todas as persoas beneficiarias cumplen os requisitos e, polo tanto, teñen pleno dereito á axuda. Ademais, permite unha concesión ágil e eficaz das axudas.

**Cal é a aportación de fondos propios que realiza a Xunta de Galicia para financiar este programa no ano 2025?**

A Xunta de Galicia cofinancia un 30 por cento do Plan de vivenda.

De conformidade co dispuesto no ordinal terceiro da Resolución do 17 de marzo de 2025, pola que se procede á convocatoria das axudas do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI435B), *Crédito orzamentario*:

*1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas por un importe total de 5.298.873,00 euros, con cargo ás seguintes anualidades e aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025:*

Anualidade	Aplicación	Importe
2025	11.81.451A.770.1	41.145,00 euros
	11.81.451A.780.0	3.216.728,00 euros
2026	11.81.451A.770.1	41.000,00 euros
	11.81.451A.780.0	2.000.000,00 euros

*O financiamento desta convocatoria faise con cargo aos fondos finalistas do Estado asignados ás anualidades 2025 e 2026 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.*

**- Cantas solicitudes rexistraron no ano 2024?**

1.524 solicitudes.

**- Cantas solicitudes foron concedidas en 2024?**

225 concesións para 1.529 vivendas.

**- Cantas solicitudes rexistraron no ano 2025?**

1.653 solicitudes.

**- Cantas solicitudes foron concedidas en 2025?**

Ata o día de hoxe concedéronse 112 por importe de 3.803.765,58 euros. Non está rematado o procedemento de concesións, polo que estas cifras incrementaranse ao remate da tramitación”.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 10:38:51





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:16:03  
Nº Rexistro: 31757  
Data envío: 20/08/2025 12:16:03.123  
Data 20/08/2025 12:15

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27168**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Carlos López Font, sobre **"as necesidades de transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A oferta de servizos da concesión da Comarca do Morrazo inclúe conexións cos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro de forma directa e con transbordos na cidade de Vigo ás diferentes liñas do servizo urbano da cidade dende os concellos de Cangas e Moaña.

Na actualidade, existen 23 expedicións con sentido ida (O Morrazo – Vigo), 24 en tempada lectiva, e 23 en sentido volta (Vigo – O Morrazo), 26 en tempada lectiva.

En ambos os dous sentidos hai 9 directas e 14 con transbordo ao Hospital Álvaro Cunqueiro, e 6 directas e 17 con transbordo ao Hospital Meixoeiro. Os servizos directos ofrecen conexións en horarios adecuados ás quendas do persoal de ambos os hospitais.

O Goberno galego está sempre aberto a acometer modificacións que melloren o servizo pero estes cambios deben planificarse sempre coa premisa de que se trata de servizos de uso xeral, procurando que as melloras propostas se integren sen afectar negativamente ao resto de persoas usuarias do transporte público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:02





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/08/2025 12:15:56  
Nº Rexistro: 31756  
Data envío: 20/08/2025 12:15:56,683  
Data 20/08/2025 12:15

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27189**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre “**as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha das actuacións precisas para a execución das obras de mellora das instalacións dos xulgados de Lugo**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**, que ten o seguinte contido:

“Executáronse as obras de reparación urgente da cuberta, que permiten paliar as deficiencias detectadas e impedirán que se produzcan novas filtracións por entrada de auga nas dependencias.

Tamén se contratou o servizo de redacción do proxecto para a reforma integral da cuberta e seguidamente procederase á licitación da obra por procedemento aberto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:15:56



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 27194, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre “**situación laboral da empresa Einsa Print, das Pontes, as subvencións que lle concedeu a Xunta de Galicia ao longo do tempo e as actuacións que esta prevé levar a cabo para asegurar o emprego**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

“A empresa EINSA PRINT presentou o pasado 22 de febreiro de 2024 o documento da decisión empresarial de realizar un ERE no seu centro de traballo de As Pontes. Dito ERE afectou a 113 traballadores e traballadoras dun total de 240 e, as causas que alegou a empresa, foron de carácter produtivo -perda de clientes e redución do volume de encargos- e organizativas -axeitamento dos métodos de traballo ao nivel de actividade real-.

Antes do inicio deste ERE, celebrouse unha reunión na cidade de Ferrol, sendo daquela o propósito inicial da empresa realizar un ERE para a totalidade da plantilla. Despois do período de negociación chegouse a un acordo entre a empresa e a representación dos traballadores e traballadoras para reducilo á cantidade anteriormente mencionada.

Na actualidade, consta que o día 28 de abril de 2025 presentouse pola empresa unha comunicación ante a Dirección Territorial da Consellería de Emprego na que se fai saber que se está estudiando a posibilidade de proceder a un cese de actividade total ante a imposibilidade de dar cumprimento ao plan de viabilidade presentado no ERE de 2024.

Esta comunicación realiza efectos de cumplir co previsto na Disposición adicional sexta do Real Decreto 1483/2012 que obriga, nos casos de cese definitivo da actividade e o despido de máis de 50 traballadores e traballadoras, a efectuar a mesma cunha antelación de seis meses á comunicación do período de consultas.

Na comunicación realizada non consta, por parte da empresa, xustificación algúna que lle impedira cumplir o prazo sinalado de seis meses. Polo tanto e ata o momento, non se pode considerar iniciado o procedemento de ERE”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:57





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/08/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 31807  
Data envío: 20/08/2025 14:48:48,538  
Data 20/08/2025 14:48

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

